

Fume

Rubén Ruibal
Carlos Losada

Insomnio

Rubén Ruibal



estaleiroeditora. *teatro*

Fume

Insomnio

Rubén Ruibal,
Carlos Losada,
Estaleiro Editora, 2008

Asociación Cultural Estaleiro
estaleiroeditora@gmail.com
www.estaleiroeditora.org

Revisión e corrección:
Estaleiro editora

Deseño e maquetación:
X. Carlos Hidalgo




ISBN 978-84-612-0878-4

Depósito Legal: S-2007-xxxx

Impresión: Publidisa



Esta licenza permite copiar, distribuír, exhibir os textos e imaxes deste libro sempre que se cumpran as seguintes condicións.

-  **Autoría e atribución:** Deberá respectarse a autoría indicando o nome do autor e da editora.
-  **Non derivados:** Non se pode alterar, transformar, modificar ou reconstruír os textos nin as imaxes.
-  **Non comercial:** Non pode empregarse este traballo con fins comerciais

Fume

Rubén Ruibal

Carlos Losada

Insomnio

Rubén Ruibal

táboa

Fume (de Rubén Ruibal e Carlos Losada), p. 07

Insomnio (de Rubén Ruibal), p. 57

fume

Rubén Ruibal
Carlos Losada

Fume foi estreada pola compañía Teatro Cachuzo o 7 de outubro de 2000 na Casa da Cultura de Vimianzo, A Coruña, sen ter accedido a ningunha axuda pública para produción de espectáculos, baixo dirección dos autores e coa seguinte ficha artística e técnica:

Lourenzo:	Rubén Ruibal
Pedro:	Nacho Castaño
Voz de Esther:	Patricia de Lorenzo
Voz de Don Amancio:	Gonzalo Rei Chao
Voz da Sobriña:	Erika Bönnova
Voz de Sindo:	Xan Galiñáns
Música:	Pablo Ruibal
Vestuario:	Hjerebert Bönn e Dolores Pernas
Escenografía:	Xosé Perozo e Xandra Costas
Espacio sonoro:	Fernando Epelde
Deseño gráfico:	Martiño Picallo, Roke López e Hjerebert Cachuzo
Fotografía:	Luna Taboada
Unidade didáctica:	Suso Pensado
Deseño de iluminación:	Erik Cachuzo
Cobertura técnica:	Goyanes
Produción:	Teatro Cachuzo
Distribución:	Sereseestares S.C. (Marisa Fernandez Falcón e Mari Betanzos)

e o patrocinio das seguintes empresas: Extrugasa-Grupo Quintá, Pub A Reixa, Xoiería Castaño, Frutas Santa Rita, Autosisán S.L., Construcións J. Acha, 25dejulio.com

personaxes

Lourenzo, *traballador temporal e fumador perpetuo.*

Pedro, *músico a piques de casar. Tamén fuma.*

A guitarra de Pedro, *acústica, clásica ou española, a escoller, espida ou vestida.*

Raquel, *insinuante secretaria de Umano Traballo Temporal, traballadora fixa de eficiencia desmedida, curmá de Pedro.*

Unha compañeira de Raquel ETT.

A sobriña, *fermosísima e despiadada muller sen nome que rexe os destinos de Cárnicas Amancio, empresa herdada por decisión xudicial baseada en ditame psiquiátrico de inutilidade para cargo público do seu tío Don Amancio, émulo do porco de pé.*

Don Amancio mesmo, *empoleirado a diario nas caixas no patio da fábrica, chova, neve ou vaia sol.*

Chicho, *debuxo de porco que moito lembra un cachuciño, anagrama da empresa de Don Amancio, Cárnicas Amancio, chourizos galegos de calidade.*

Sindo, *o encargado da fábrica, adail ou adalide -que de ambos xeitos pode e debe dicirse- da productividade laboral, contratado fixo discontinuo de oito a oito en Cárnicas Chicho.*

Choliño, *camareiro madridista do bar Manhattan.*

Beatriz, *enigmática moza que recibe unha chamada de teléfono ás sete e media da mañá e ten a tales horas capacidade de raciocinio.*

A futura de Pedro, *musa temporal por obra ou servizo determinado.*

A muller de Lourenzo, *Beatriz, contratada fixa.*

Beatriz futura filla, *o fetoño, en proceso de formación.*

Tito, *fillo de Lourenzo, estudante.*

O Gameover, *rapaciño paranoico amigado co fillo de Lourenzo*.

Tobi, *can, de profesión tratamento psiquiátrico*.

Vacas preocupadas pola situación do suministro eléctrico, porcos inconscientes colgados de cadeas para sangrar, unha canción de Dylan, compañeiros da chacina, Eric Clapton encerrado no reverso metálico de dous discos compactos, a versión traducida en vivo dunha canción de Pimpinela, clientes do Manhattan, buseros, gastadores compulsivos de combustible que van e veñen de producir e consumir, veciños, amigos e familiares.

Outros.

cero

Vestíbulo dunha Empresa de Traballo Temporal. Un letreiriño prohibe fumar. Os dedos de Raquel desprázanse polo teclado dun ordenador. Soan teléfonos. O Valse do Emperador dixitalizado e musicalmente enfiado ameaza os tímpanos do esperante Lourenzo, vestido de domingo, currículum baixo do brazo. Érguese e pasea, senta e escoita. Golpea repetidamente un pito pola parte do filtro contra o reló, quéimalle a punta de papel cheo de baleiro, préndeo antes de descubrir o cartel. Debátese epicamente na tormenta da dúbida. Vinte pelas tiradas nunha calada ou un posto de traballo tirado en varias? Mira se o ven. Acaba apagando os catro pesos contra un borde do asento, ou tragándoo prendido. Neste lugar de orde non hai cinceiros, por suposto. Ráñase o nariz, a entreperna, de volta ó nariz entra Pedro. Trae unha guitarra enfundada.

PEDRO: Bo día! Onde coincidimos? En People, non?

LOURENZO: Si. E en Nortempo.

Lourenzo ofrécelle un pito raposeiro a Pedro.

LOURENZO: Queres?

Pedro mírao, sinala o carteliño, rexeita o convite.

PEDRO: Non se pode.

LOURENZO: Prohiben fumar en todas partes.

PEDRO: En Nortempo non tiñan máis que un chollo.

LOURENZO: Si. E facía falta experiencia no mundo do espectáculo.

PEDRO: Eu teño. Traballei nunha orquestra. Por iso fun.

LOURENZO: Buscaban xente para facer de pallaso en festas infantis.

PEDRO: Si. Dixéronme que non tiña gracia. Mandáronme a Alta Gestión, un chollo de limpador de piscinas. Está moi ben, non dás pancada, e se tes sorte podes apañar algo do que deixan os bañistas. Un que xa traballou contoume que atopou un trolex.

LOURENZO: De ouro?

PEDRO: Si, do que cagou o mouro. Con perdón. Un trolex. Sacou mil pesos sen facer nada.

LOURENZO: Total, xa estaba collido, non? Na orquestra pagarían ben.

PEDRO: Cento vinte mil ao mes.

LOURENZO: Como vos explotan. Eu a moitos chollos nas Etetés xa nin vou. Vin directamente a Umano traballo temporal. O nome inspírame confianza. Umano. (*Mira o pitillo prensado*). Lástima que non teña hache.

PEDRO: Eu teño unha curmá traballando aquí.

LOURENZO: Nestas cousas tamén hai enchufes.

Sorrí mirando a súa carpeta

PEDRO: Todo iso é o currículum?

LOURENZO: Si, acojona, eh?

PEDRO: Pero o currículum debe ser o máis esquemático e claro que se poida, sinalando as experiencias laborais máis salientables relacionadas co posto ó que se aspira. Unha folla, non miran máis que unha folla.

LOURENZO: Eu tamén fun ao cursiño ese do INEM, pero a min non me volven joder. En Adecco pedíronme para un posto de camareiro en Palma de Mallorca o currículum en alemán. E había xente que o tiña, que che parece? Agora levo o currículum en galego, español, francés, ves? este vai con foto impresa, non pegada, os franceses son mogoillón de maniáticos con esas cousas. Alemán, italiano, mira, vintecinque anni, teño trinta, pero é por non cambialo todo. Portugués: para esta foto deixeime o bigote... o que ti queiras! Catalán, vasco. E teño un colega, que é o que me... vaia, un colega que está traducíndome ó marroquí. Agora hai moito futuro nas relacións cos países do Magreb.

PEDRO: Se eses non están en Europa.

LOURENZO: Con máis razón, é un mercado potencial. Ti non fuches ao curso de mercados potenciais e novas tecnoloxías para a empresa do século XXI? A min chamáronme do Servizo Galego de Colocación.

PEDRO: Estás preparado.

LOURENZO: Ovella que bea...

Miran cara ao mostrador.

LOURENZO: Tremenda cachonda.

PEDRO: Esta moi ben.

LOURENZO: Di que si. O que lle facía eu a esa.

PEDRO: É a miña curmá. Raquel.

LOURENZO: É guapa.

PEDRO: Si.

RAQUEL: Lourenzo Loureiro Leiro, por favor.

Lourenzo pérdese do outro lado do mostrador, Pedro queda escoitando a conversación nos altavoces que Raquel esqueceu desconectar.

LOURENZO: Ola, bo día.

RAQUEL: Buenos días. Viene por las plazas de envasador de industria cárnica, referencia ce ciento veinticinco. ¿No es?

LOURENZO: És.

RAQUEL: Se requiere bachillerato completo...

LOURENZO: Aquí está la fotocopia del título, compulsada.

RAQUEL: Muy bien. Licencia de manipulador de alimentos y más...

LOURENZO: Tome, expedida por la Xunta. Bueno, Junta.

RAQUEL: Muy bien. Y no incurrir en las causas de incompatibilidad recogidas en la ley.

LOURENZO: No incurro. Estoy parado desde finales de año.

RAQUEL: Era broma, hombre. Como veo aquí que hicistes dos años de Derecho.

LOURENZO: Ah. Imitas mucho a tu primo, acabo de conocerlo. Está ahí.

RAQUEL: (*Con desprecio*). Pedro. Si.

Pedro saca un pito e préndeo.

LOURENZO: Pero tú eres mucho más guapa. Onde va parar.

RAQUEL: Estamos recibiendo muchas demandas para ese empleo. Vamos ver. Es un contrato temporal discontinuo, por seis meses, renovable, en una sala de despiece animal: cárnicas Amancio. Cuatro horas al día cuatro días a la semana, de lunes a jueves, con dedicación exclusiva. En la práctica viene siendo un horario laboral de ocho de la mañana a ocho de la noche, de lunes a viernes, y más disponibilidad domingo.

LOURENZO: Ah. Está muy bien. Si, si me interesa.

RAQUEL: Se pagan seiscientos un euros y un céntimo. Vienen siendo cien mil pesetas brutas al mes. Pero netos cobrará para usted cuatrocientos cincuenta coma setenta y cinco euros, o sea ochenta mil. Recuerde que somos una empresa de trabajo temporal. Cobramos una pequeña comisión por el servicio de intermediación que prestamos. En el fondo, claro, estamos haciéndoos un favor, hay gente de sobra para este puesto...

LOURENZO: ¿Seguridad Social incluida?

RAQUEL: ¿Hablas en serio?

Queda un segundiño no aire o Vals do Emperador mentres Raquel remexe nos papeis e teclea cifras con eficiente indiferencia antes de devolver o silencio cun estalo dos dedos.

primeira

Explosión de máquinas en Cárnicas Chicho. Ruído infernal. Prohibido fumar presidindo. O carteliño. Tempos modernos: cortar, picar, ensacar, atar, cortar, picar, ensacar, atar, aburrimiento, restras de chourizos etereamente itinerantes. Vacas e porcos morrendo a berros.

Pedro canta The Man in Me, Bob Dylan; bebe de cando en vez dunha petaca que saca do peto. Con elegancia remata restras interminables.

Lourenzo fala só e mira suorento a Pedro cantando. A Pedro e ás envexadas restras de chourizos.

Cortar, picar, ensacar, atar, cortar, picar, ensacar, atar, aburrimiento, restras de chourizos etereamente itinerantes.

Pedro canta, Lourenzo fala só e mira farto a Pedro cantando. Todo unha e outra vez. Tempos modernos.

PEDRO: Vou casar.

LOURENZO: Eu con quince anos xa sabía o que é un condón.

Pedro mírao, Lourenzo segue traballando.

PEDRO: Quéreme. E eu quéroa.

LOURENZO: Iso que ten que ver.

PEDRO: É o normal. Aproveitando que me van renovar o contrato. É un bo momento.

LOURENZO: É o normal. E ao carallo. Nunca te plantexaches que podes ser algo limitado, un chisquiño.

Saca un pito, prénsao, vaino prender.

PEDRO: Ei! Non se pode...

LOURENZO: Vasme dicir o que podó facer ou non? A min non me fales así.

PEDRO: Perdoa. Escapóuseme. Ti estás casado.

Lourenzo deixa o pito sentado na orella e mira o reloxo.

LOURENZO: Nótaseme moito?

PEDRO: E tan mal che vai?

LORENZO: Nin peor nin mellor que a ninguén. O matrimonio nunca vai mal. Está mal.

PEDRO: Por que? Vives coa persoa que queres.

Lourenzo sorrí sarcástico.

PEDRO: Se é tan malo, ¿por qué casaches?

LORENZO: Porque era o que tocaba facer.

PEDRO: Visto así...

Pedro volve poñer os cascos. Chourizos como chourizos, ritmo frenético.

LORENZO: Noraboa, mamón. *Pedro saca os cascos.*

PEDRO: Que?

LORENZO: *Berrando.* Noraboa

PEDRO: Gracias.

Pedro volve poñer os cascos canta outra canción que non se escoita entre o estrondo das máquinas e os berridos de porcos e vacas cadavereando.

segunda

Prohibido fumar, o de sempre, carteliño. Soa unha sirena. Lourenzo descalzo comendo. É a hora do descanso. Dálle por falar a un saco de alegrías. De fondo escóitase unha guitarra incansable que busca. É Pedro.

LOURENZO: Perdón! Que perdón nin que... Se para ti nin sequera teño nome. Pois empecei Dereito, coma ti. Pero ó saír do trullo empecei a parar de estudar. Aínda así fixen dous anos maravillosos, un carreirón. Por cinco putas placas. Delito contra a saúde pública. Empecei a chapar Dereito para saber que carallo era iso. Delito contra a saúde pública. *(Prende un pito liado que leva posto na orella)* Non aprobei máis ca un par de asignaturas, pero tiña a cabeza ocupada en non pensar animaladas. É acojonante. Pero aínda así, non se me ve traballar como un ilustre cuasidiplomado? Ti non te percatas do sublime dos meus pensamentos entre a graxa, as vísceras, o sangue? Dispoño da axuda inestimable dunha sólida formación académica. Me cago en... Menos mal que xa mandei ao carallo todo iso. Isto viña a? Ah! A que nunca darei entendido como é posible que todo dios vexa normal que calquera, por ser sobriña do xefe coma ti, xa pode dirixir. Con esa pinta de cachonda negada que tes por moito máster do universo que digan que fixeras. Que dependa de ti que eu siga neste chollo. *(Comeza a escoitarse a guitarra de Pedro)* Cando explicará alguén como é posible que un mundo que funciona así siga funcionando. A teoría do caos. A min escápaseme. Aínda así, ata hai nada era feliz. Antes de saber que non ías renovarme, era feliz! Teño traballo, oitentamil ó mes, de oito a oito, doce horas. Moito tempo? Non. Temos dous descansos. A expensas do ritmo

produtivo da factoría. Non sei que che conto disto porque foches ti quen o organizou así. Co vello, co teu tío o chalado, o descanso do bocata era intocable polo que contan. Ademais teño outro traballo nocturno, ilegal. Pero aínda así... Vivo como se pode vivir. Todos fan o mesmo, algo de razón terán. Pero non me coñezo. (*A guitarra de Pedro busca un acorde*) Non me coñezo. E sei que o que sinto agora é o que sempre sentín. Por moito que faga, o único que teño metido nas tripas é que estou farto. Farto do fillo, farto da muller, farto do chollo. Ata o carallo. Pero ata o carallo de verdade. Non que se me inchen os huevos un día e tal, non, falo de algo permanente. Un pesadelo. Engaioláronme. Engaioleime. Coa merda de cubrir etapas, coa merda de plantar unha árbore, ter un fillo, escribir un libro. Tiñaio todo tan matinado, ó milímetro. (*A guitarra detense. Pedro come, ou fuma*) Pero mira ti. Non teño instinto paternal, nin laboral, nin marital, nin de empresa, nin hostias de La Habana. O único que teño é instinto. Preferiría ter plantado o libro, ser aínda máis ignorante. Escribir o fillo, pobre Tito, que non fose máis que outro rolo na cabeza. Plantar o libro, escribir o fillo. E ter unha árbore. Claro! Unha árbore. Un xardín, estar alí estomballado. Normal. Que cojones falas, Lourenzo. Como pode terse unha vida normal, ou fillos normales, unha muller normal, algo normal, calquera cousa, estando aquí secuestrado doce horas ó día? (*Comeza a oirse de novo a guitarra*) Doce horas cortando mortos, cortando mortos, cortando mortos... Hai que joderse. Cando carallo vou facer por vivir e non por deixarme ir matando como unha vaca. Exacto. Como unha vaca na cola do matadoiro. (*Escoita un anaquiño da guitarra. Apaga o pito e ponse a comer ceros de millo*) O cabrón de Pedro polo menos ten a guitarra. E o contrato. O contrato, estou enganchado. (*Soa a serea, para a guitarra, Lourenzo mira o petardo, sorpréndese do pouco que lle deu tempo a fumar, confirma o afumado presaxio no reloxo dixital*) Non van nin vinte minutos, mira que sodes putas. Témolo moi crudo. Os dous,

na. Moi crudo como isto siga así. Estás analizando a situación? Tómate tempo, claro. Seguro que nunca pensaches verte nestas: un currito concienciado, nin siquera!, un neoescravo a tempo parcial por obra ou servizo determinado concienciado, relativamente, dicíndoche as cousas na cara e ti metida nun saco. Nunca criches sequera que se lle puidese pasar a ninguén pola cabeza. Pero todo chega. Ademais, non teño nada que perder. Que me mate? Por que? Porque non me coñezo? (*Soa a segunda sirena de fin de descanso. Ponse a recoller a petaquiña, o kit básico do fumador, o bocata sen acabar, sen erguerse, vístese*) Xa. A ti iso tanto che ten. Umano Trabajo Temporal mandaría inmediatamente outro par de brazos, probablemente máis produtivos e polo mesmo prezo. Pero é que, verás, de ti tamén pouco sei: apenas que es a sobriña do vello. Quen pon en perigo que eu poda meter cartos na casa a fin de mes. Non che sei nin o nome. ¿Por qué nos costa máis desfacernos das cousas se teñen nome. Tito, meu fillo, teño ganas de enganalo todos os días, pero... Beatriz, miña muller. A ela non lle batín nunca aínda que gañas non me faltan. E eu, Lourenzo. Lourenzo Loureiro Leiro. A min si. A min pégame de hostias a diario aquí dentro. Non me coñezo. E ti. A ti coñezote aínda menos que a min. Contigo será máis doado. Ademais, estou afeito. Gracias á túa xenerosidade proecta impulsora de iniciativa privada de carácter alimentario, toma! Agárrote polo pescozo, chas!, corte limpo e acabouse.

Soa a segunda sirena. Pedro asoma a cabeza, non pode abrir a porta, ule o arrecendiño doce do fume.

PEDRO: Estás aí?

Lourenzo apaga o petardo con urxencia e sae cara a el.

LOURENZO: Que pasa?

PEDRO: Entrou carne. Non oíches a sirena?

LOURENZO: Non.

PEDRO: Anda buscándote Sindo. O encargado.

LOURENZO: Xa vou.

PEDRO: Que facías?

LOURENZO: Nada.

terceira

Alguén canta debaixo dunha billa de ducha. De lonxe rumores de xente, algún vehículo, un teléfono que soa nun departamento contiguo. No vestiario, cambiándose para marchar, Lourenzo fuma.

LOURENZO: Necesito un máis, Pedro non pode quedar, necesito un máis!, un hostión é o que necesita ese mamón de Sindo.

Entra Pedro cos cascos postos, cantando.

LOURENZO: Sabes unha cousa? *(Pedro apaga os cascos)* Sabes unha cousa? A min no me jodedes ti con esa cara de pelotas e o imbécil de Sindo co seu rolo da produtividade. Se ti non quedas, vas onda el e dislle que poña el as botas e que electrocute el as vacas. A min nesas non me colledes.

PEDRO: Eu quedaba pero teño que ir ós cursiños prematrimoniais da parroquia, en serio.

LOURENZO: Pois eu teño un cursiño de rascarme as pelotas no sofá inexcusable, en serio. Ademais vou ver un documental de bichos para compensar a fondísima dor ecolóxica que me produce este puto chollo.

PEDRO: Eu non podo.

LOURENZO: A min que me contas.

PEDRO: Se puidese quedaba pero hoxe non podo.

LOURENZO: Hai que joderse, casa polo civil.

PEDRO: Tanto che custa quedar un día...

LOURENZO: Que non! É o mais noxento do mundo. As vacas ata sorrín cando lle pos os electrodos na cachola, e empuñan unhas polas outras como se tiveran medo de que Fenosa fose cortar o suministro. Iso non o trago. Tardas tres días en quitarte da napia o cheiro a carne queimada. Xúrocho: nunca na miña puta vida vou volver facer iso.

Fai o aquel de sair pola porta da rúa.

PEDRO: Xa sabes que eu quedaba, pero non podo, xa che cubriríei eu noutra.

LOURENZO: E a min que carallo me importa, búscate a vida.

PEDRO: Faime o favor.

LOURENZO: Faime o favor que...

PEDRO: Vale. Quedo eu.

LOURENZO: Pois claro que quedas ti, por algo tes contactos.

PEDRO: Que dis?, home.

LOURENZO: Que ti non ma dás. Sorrís ao encargado, fálalles da túa primaña da ETT, e tragas co que che boten. A min non me joden co de axudar nos apuros asi pola cara!

PEDRO: Son horas extras.

LOURENZO: Sí?

PEDRO: Pois si.

LOURENZO: Vai tomar polo cu, quen cho dixo?

PEDRO: Ninguén, non é primeira vez que as cobro. Ademais páganas aparte.

LOURENZO: Páganas a maiores?, espabilado.

PEDRO: Pois si.

LOURENZO: *(Entre incrédulo e bulreiro)* Sí?

PEDRO: Pois si. En negro. No día. Dúas mil hora. A min xa me avisaron outras veces.

LOURENZO: Dúas mil hora?

PEDRO: Sí.

LOURENZO: Puto enchufado.

PEDRO: Si. Chamo á moza e acabouse o conto. Dille a Sindo que non tardo nada, vou avisar.

LOURENZO: Veña. Hoxe quédoche eu.

PEDRO: Gracias.

LOURENZO: De nada.

Os espectadores dun concerto de Clapton estalan nunha ovación que nos introduce no tema: Before You Accuse Me (Take A Look At Yourself)

cuarta

Luz escasa de local nocturno: baixo de casa baixa, lugar baixo, barrio baixo de cidade baixa: o Manhattan, templo afumado da casualidade. Mans Lentas segue tocando Before You Accuse Me, antes de acusarme bótate unha visual. Pedro fuma apoiado na barra, recolle a mochila do chan, leva a guitarra na outra man, intenta pagar ao camareiro, Cholo, que está colocando unhas caixas ao fondo da barra.

PEDRO: Por favor, pode cobrarme aquí?

Fuma, bebe, abanea o billete de cinco mil no aire como unha bandeirola. Cholo, embutido na súa merengue camiseta, coloca caixas de cervexa. Pedro volve deixar a mochila e a guitarra no chan. Cando teñas un momentíño, por favor, cóbrame aquí. Cabréase, bota unha ollada ó local, ve entrar a Lourenzo, agóchase na barra como pode, dándolle as costas.

LOURENZO: Unha Estrella, Cholo. Sen présa, non te vaias herniar. Canto menos fas, máis cansa mirarte, meu. Se te poñen dúas horas no meu chollo teñen que sacarte nunha uvi móbil. Con respiración asistida. (*Descobre a Pedro na barra*) Pois hoxe traguei quince horas, si señor, quince, as doce de regulamento, polo carallo arriba, e tres extras. Sesenta vacas caeron hoxe. Cubrindo a un paspán que vai aos cursiños prematrimoniais da parroquia. Agora ata para casar hai que ter título. (*Fai sinais a Cholo de que non interveña na conversación*) Eu casei sen tanto paripé e ninguén protestou. Houbo aplausos! E a miña sogra chorou cando dixen si quero. Coa emoción, supoño. (*A Pedro*). Tes lume?

O roxo pásalle o mecheiro sen volverse.

LOURENZO: E un pito?

Pedro non ten máis remedio que volveuse.

LOURENZO: Es ti. E ti por aquí?

PEDRO: Pois nada, estaba esperando un colega que ten que traerme un encargo, pero vese que non....

LOURENZO: Algo para a voda?

PEDRO: Non, aínda falta...

LOURENZO: Non tiñas cursiño hoxe?

PEDRO: Si, pero non puiden ir. Lieime, e despois xa. (*A Choliño, que nin caso*) Cóbreme aquí, por favor.

LOURENZO: Aquí pago eu, favor con favor se paga. Polo das horas extras.

PEDRO: Gracias.

LOURENZO: Nada.

PEDRO: Pois marchou xa, ata logo.

LOURENZO: Toma outra.

PEDRO: Vou ver se atopo o tipo ese... Outro día, gracias.

LOURENZO: Nada home, nada.

PEDRO: Xa nos veremos.

LOURENZO: Seguro.

PEDRO: Si. Eu marchou. Deica logo.

Pedro sae. Ten que abandonar o seu pitillo liado no cinceiro antes de irse. Lourenzo cólleo e comproba que é un petamentres Pedro sae.

LOURENZO: Mira unha cousa. Ves para joderme?, xa sabes, para chivarte logo no choio, ou a túa primiña da ETT.

PEDRO: Non, para nada, nin de coña... Eu caín aquí de casualidade, xa che digo, un colega quedou díxome que recollerá aquí un encargo e eu aparecín, pero el tarda en chegar e eu teño que marchar, espérame para cear, a moza, pero só viña por iso...

LOURENZO: Canto queres?

PEDRO: Ti tes?

LOURENZO: Non o sei.

PEDRO: Non sei. Dous? Se hai...

LOURENZO: Cinco. Téñoo cortado así.

PEDRO: Si, está ben...

LOURENZO: Mellor que ese que estás fumando ti.

PEDRO: Si?

LOURENZO: Xa mo dirás mañán no choio. Con esa cara de pimpín... Como caiches aquí?

PEDRO: Falloume un tipo que normalmente me suministra...

LOURENZO: Drogándote.

PEDRO: Ti non fumas?

LOURENZO: Claro que si!

Pedro queda co peta. Esmorece a luz e sube a música, Eric e a súa guitarra que van morrendo até o derradeiro aplauso entre nubes de fume.

quinta

No almacén.

Lourenzo coloca caixas para ter respaldo. Pedro busca incansablemente na guitarra.

LOURENZO: Para un pouquiño, home.

Lourenzo ofrécelle un chupito da súa petaca. Pedro pásalle o pito liado pero Lourenzo rexéitao. Estalle dando a un cigarro pequenos golpes polo lado do filtro contra a man. Así prensa o tabaco.

LOURENZO: Que fas? Abúrresme. Xa tiña gañas de dicircho. Todos os putos descansos coa puta guitarríña de puto fondo. Abúrresme.

PEDRO: Que queres que faga?

LOURENZO: Non fagas nada, fala. *(Polo pito, especialmente baleiro)* Mira. Sempre igual. Polo menos o dez por cento do que fumamos é aire. A xente fuma sen ter en conta isto. Ti canto fumas?

PEDRO: Un paquete ao día.

LOURENZO: Falso. Fumas o tabaco de 18 pitos. E cantas veces pensaches en fumar menos?

PEDRO: Moitas. Non sei, centos.

LOURENZO: Pois xa o estás facendo. Daste conta? Sempre é outra cousa. Non o que nos fan crer. E sabémolo, ou deberíamos sabelo, pero engánannos igual. Porque nós queremos deixarnos enganar. É máis cómodo. Tanto, que hai xentiña que, non sei, por darlle a razón ás estatísticas supoño, agarra un cancro de pulmón se repiten moitas veces na tele que é algo ligado ós nosos novos hábitos sociais. Escoitaches algunha vez unha mamonada maior?

PEDRO: Non.

LOURENZO: Por iso fago isto sempre. Mira aí, na punta: aire, vacío. Hai menos tabaco do que collería no pitillo. Quéimoa e fumo menos papel. (*Quéímaa, efectivamente*) Un dez por cento exactamente.

PEDRO: Iso é unha estupidez.

LOURENZO: Unha estupidez?. Pagas trescentas cincuenta pe-las polo tabaco de 18 pitillos que tragaches crendo que son vinte. Enténdelo así?, mamalón. Segue parecéndoche unha estupidez? Bota conta dos pitos fantasmas que pagas no ano.

PEDRO: Non sei... Catrocentos?

LOURENZO: Dous por día. O ano ten trescentos sesenta e cinco.

PEDRO: Trescentos sesenta e cinco por dous, non?

LOURENZO: Aí está, aproveitando o graduado escolar. Setecentos trinta pitillos que pagas cada ano e nunca chegas a ver diante. E que fas? Móntaslle unha bronca á estanqueira? Mire, señora, que resulta que observo que os pitillos que me vende teñen un dez por cento menos de tabaco do que deberan. Sabe do que lle falo? E a tipa nin mu, mirando para ti con cara de alucine.

PEDRO: Claro, pídlle sempre papel de fumar ademais do tabaco e a señora xa está de volta...

LOURENZO: Pero é que non, non pode ser. Imaxínaste á tipa sacándolle a cada caixa de pitos o precinto e o testigo...

PEDRO: O testigo?

LOURENZO: O plástiquiño. Extraendo de cada un dos pitos o dez por cento do tabaco e reenvasándoo todo. Non. E que fas, Pedro? Pídeslle unha folla de reclamacións?

PEDRO: Se teñen.

LOURENZO: Nun estanco? Como moitísimo podes ir á oficina do consumidor e denuncias que os pitos que están vendendo en todo o mundo, porque este é un problema a nivel mundial, levan aproximadamente un dez por cento de tabaco menos do que o papel do pitillo podería conter. Vas ver que cara che poñen.

PEDRO: Deberíamos. Ir alí e montar un pifostio.

LOURENZO: Vai ti. Eu de ir, ía á Seguridade Social e quei-mábaa, porque logo eses vanme botar a min a culpa do pateiro que se me meta no peito, cando é sabido, o cloro do papel é máis canceríxeno que todo o tabaco do pitillo xunto, flipa! Non, joder, non fas nada. Calas, fumas, cágaste nas tabaqueiras e se hai material faste un petardo que leva un dez por cento menos do tabaco que debera levar. E así todo. Teñen tan estudada a historia, que nunca abrimos a boca. Porque pensamos que ninguén máis se parou a pensar na putada que nos están facendo.

PEDRO: Tío, como falas, eh.

LOURENZO: Tío, como falas, eh. Tío, como falas, eh. Pareceche que podemos manter un diálogo esclarecedor con frases da categoría de tío, como falas, eh. Espabila! Ese dez por cento é o paradigma da nosa vida en sociedade, a esencia conceptual mesma da nosa existencia, a nai de todas as metáforas.

Colle a guitarra e toca unhas notas. Lourenzo mírao calado, fumando do petardo que Pedro acaba de pasarlle, bota fume.

LOURENZO: A nai de todas as metáforas. Aí está. Ti ao teu.

sexta

Na porta da fábrica, diante dun poste anuncio da empresa cárnica. Noite pecha, frío. Pedro lía un pito mentres espera o autobús.

Chega Lourenzo, abafado, contento tamén, fala cun compañeiro que entra.

LOURENZO: Que, pimpín! Ata logo, mona. Polo cu vas tomar ti que vas para dentro! *(A Pedro)* E ti? Non podías esperar un minutíño máis a que acabara de cambiarme.

PEDRO: Pensei que perdía o bus.

LOURENZO: Pensei que perdía o bus, pensei que perdía o bus, imbécil.

PEDRO: Perdoa, home. Vin para liar o pito tranquilo.

LOURENZO: Dende cando fumas ti tabaco picado?

PEDRO: Dende hoxe. A min non me volven tomar o pelo.

Lourenzo cóllepelle o pito recién liado, préndeo.

PEDRO: É suave, fúmase ben.

LOURENZO: Que é isto?

PEDRO: Golden Virginia. Está chulo o paquete, que non?

LOURENZO: Como se chama?

PEDRO: *(Con acento de Massachussets)* Golden Virginia.

LOURENZO: Golden Virginia lles ai don nou fuquin xi. Unha puta merda. *(Devólvelle o pitillo)* Chamáronte para firmar a renovación?

PEDRO: A ti non?

Lourenzo di que non coa cabeza. Escóitase o ruído dun deportivo que sae da fábrica e para diante deles.

LOURENZO: Aí a vai. Nun descapotable a cabrona.

PEDRO: Quen é?

LOURENZO: A sobriña do chalado. A nosa queridísima xefa.

PEDRO: Como se chama?

LOURENZO: Non o sei nin quero sabelo.

PEDRO: Que preciosidade de muller!

LOURENZO: Si, unha marabilla.

PEDRO: Unha muller así había que colocala nunha vitrina e botar o día mirando para ela. Podería ser a nai dos meus fillos.

LOURENZO: Claro que si, metémola nun saco, encerrámola no almacén, amarrámoslle unha pata a cada columna e ti botas o día mirando para ela, e eu, mentres, a facerlle fillos, un detrás do outro, por todos os buratos. (*Arranca o coche e pasa diante deles*) Sorra! Rapto! Que romántico! Secuestro con intencións deshonestas ou fin sexuais. Como tal concepto non está tipificado no Código Penal. Iso é. Había que raptala.

PEDRO: Raptala?

LOURENZO: Claro que si. E se se pon parva, facémola chourizos e non se entera nin Dios.

sétima

Don Amancio, con chisteira e frac, o porco de pé subido a unha pila de caixas de carne, bota un discurso ós traballadores organizados en ringleiras e columnas no patio da empresa. Chove, é cedo, vai frío, a súa sobriña chega no deportivo. Lourenzo fuma un sospeitoso pito mentres Pedro atende ó discurso.

DON AMANCIO: Compañeiros, aínda nestes momentos duros nos que a empresa ignora, despreza e arrincona ó seu guía, ó seu líder natural, quero que non deixedes de recordar, todos e cada un dos días nos que entrades a gratificar á firma co voso traballo, que nacíchedes libres, e libres sodes. Nada debedes a ninguén. Berrade comigo: abaixo a explotación do home polo home! No pasarán! O voso esforzo é un favor que facedes a eses porcos capitalistas decadentes. Non o esquezades. Son unha clase fracasada, non o dubidedes. Non teñades medo. Queimade as súas fabricas, os seus bancos. Eu asegúrovos que das súas cinzas xurdirá un novo mañá no que os parias da terra seredes os brazos, o corazón, e a mente dunha nova fraternidade de todos os traballadores do mundo.

A SOBRIÑA: Tío, baixe de aí.

DON AMANCIO: Cala, explotadora. Ponme a cinta, posibilista! Aí, no play.

A SOBRIÑA: Don Amancio. Non me faga isto.

DON AMANCIO: Sicaria de merda. Por unha vez na túa vida comportate coma un home libre e pon a cinta. No pasarán, compañeiros! Empecemos aquí e agora a revolución do proletariado! Pon a cinta, adepta do capitalismo, secretaria integrista do estado de malestar, proxecto de triunfadora!

A SOBRIÑA: Póñolle a cinta se remata dunha vez.

Soa a música de fondo da Internacional, Don Amancio canta Arriba os pobres do mundo.

DON AMANCIO: Erguede os puños, compañeiros! Preme aí!

Pedro ergue o puño e canta. Lourenzo mándao calar.

A SOBRIÑA: Contento?

DON AMANCIO: Cala, sátrapa. A loita continúa! Esquirola, sicaria, trepa, acaparadora, sátrapa. Sátrapa!

Don Amancio pérdese en satrapía polos altos da fábrica, desvístese.

A SOBRIÑA: Póñase a camisa tío...

DON AMANCIO: Sátrapa!

A SOBRIÑA: Don Amancio! E vós que mirades. A traballar!
(*Lourenzo faille unha discreta figa.*) Sindo!

SINDO: Zi, zefa.

A SOBRIÑA: Vai ti por ese lado.

SINDO: Zi, zi, za vou. (*A sobriña preme o stop e acabouse a internacional.*)

DON AMANCIO: ¡No pasarán, compañeiros! Cantade! (*Algún currito o secunda por joder, Pedro duda se cantar pero cala cando ve a cara de Lourenzo, serio contemplando a desfeita*) Sátrapaaaaaaa! (*Don Amancio berra ata esvaeecer na palabra e no himno, que tamén esvaece. Lourenzo e Pedro entran na fábrica dispostos para facer preparado para chourizos galegos*)

LOURENZO: Faino por joder. Ti non te das conta. E a cabrona da sobriña deixándoo falar.

PEDRO: Ten alzheimer, sabes o que é iso? Unha fumada de tres pares de huevos. Permanente.

LOURENZO: Terá o que queiras pero a min dame que o fai para joder. É que xa é moito todos os días co mesmo. Claro, se o fai el a nós xa nin se nos ocorre. Pensaría tododiós que estábamos chalados.

PEDRO: É simpático, sobre todo cando lle da por, como o chama el?, o de poñerse en pelotas a pasear pola fábrica.

LOURENZO: Nudismo libertario.

PEDRO: Ten coña.

LOURENZO: Si, mogollón, o día menos pensado córtolle o rabo. Polo carallo se acordaba dos pobres do mundo cando dirixía isto.

PEDRO: Iso do alzheimer ha de ser como facerse neno aos pouquiños, vivir ao revés. E qué bonitísima é a sobriña.

LOURENZO: O que ten alzheimer es ti.

PEDRO: É certo que foi dos maquis?.

LOURENZO: O vello? Iso din. Pero tanto non creo. Sería roxo clarito como moito. Ademáis, os roxos que quedaron vivos a base de lamber o cu do cabo de garda, acabaron todos facendo o mesmo. Átasmes aquí? Moito conto de pasado na defensa dos traballadores, e logo a ser un fillo de puta con libros de Marx no salón e visitas a Cuba, o paraíso socialista real. Como me inche un pouquiño máis as pelotas, un día destes vai no recheo dos chourizos por moito alzheimer que teña. E con el a nosa queridísima xefa.

PEDRO: Cala a boca.

LOURENZO: Non me dá a gana de calar a boca. Ela por andar contratando por Etetés.

Pedro dispónse para empezar a traballar. Lourenzo párao.

LOURENZO: Que fas? Que hora tes?

PEDRO: Menos cinco.

LOURENZO: Menos cinco, non? Perfecto. E a que hora entras a traballar?

PEDRO: Ás en punto.

LOURENZO: Páganche estes cinco minutos? Non. Pois está quieto.

Lourenzo senta na mesa de traballo e prensa un pitillo.

PEDRO: Sabes? Ándame na cabeza unha historia...

LOURENZO: Unha nova política de redución de costes. Fala coa xefa.

PEDRO: Si, vou falar con ela, pero antes déixasme que che conte algo importante?

LOURENZO: Non! Veuche á cabeza unha innovadora política de reparto de cargas estruturais: traballo temporal universalizado. Para todos. Mobilidade laboral! É precisa! Agora máis que nunca, a mobilidade laboral, ese esforzo solidario abranguendo a todo o espectro productivo do país, non só ós traballadores.

Soa a sirena. Lourenzo vai prender o pitillo e Pedro chámalle a atención. Estanos mirando dende arriba. Lourenzo saúda.

LOURENZO: A cousa consiste en coller ó empresario, no noso caso á nosa queridísima xefa, metela nun saco con laciño e todo, e enviala por servizo urxente a Alta Gestión Trabajo Temporal, trabajamos más.

PEDRO: Bueno... Átame aquí?

LOURENZO: Non? Se cadra...

PEDRO: Non apretes tanto.

LOURENZO: Que tío! Así? Se cadra ocorréuseche algo aínda mellor: diversificar, como fas ti habitualmente, un día rómpesme a cabeza coa guitarra, outro día con estas chuminadas... Diversificar pero noutro plan. Non entendes do que falo, claro. Diversificar, en plan bestia. A ver que che parece esta visión, pura macroeconomía. Unha perna de empresaria, a dereita, para Emprex. Cuando el trabajo temporal se hace pensando en sus objetivos. A outra, para Adecco.

PEDRO: Ela é diferente.

LOURENZO: Si señor, pois un brazo para People, nuestra diferencia está en las personas. E o outro, mira, o dereito, moi propio, para o Servizo Galego de Colocación; a muller de non sei que conselleiro deixouno tirado e el non sabe cascala ben, necesitan man de obra especializada. E a cabeciña, co deeneí e mailo cif na boca enviamola ó inem para que cobre o subsidio polas horas de paro do cerebro. Acojona eh?

PEDRO: É isto a que viña?

LOURENZO: Viña a que é o camiño polo que imos. Para que

cres ti que vai servir a enxeñería xenética. Así vai todo!
Pero é que claro, a ver, ignorante, ti canto cobras?

PEDRO: Oitenta mil.

LOURENZO: Oitenta mil? E cantas horas fas?

PEDRO: Doce como todo cristo. Coma ti.

LOURENZO: Limitate a contestarme. Sen facer comentarios
nin comparacións.

PEDRO: Estábache querendo contar algo importante.

LOURENZO: Oitenta mil pesetas! Iso si que é importante. Ti
traballas por esa merda.

PEDRO: A verdade é que sí.

LOURENZO: Ela traballa?

PEDRO: Quen?

LOURENZO: A futura esposa.

PEDRO: Claro. Diso quería falarche. Ela si, pero...

LOURENZO: Sodes como mulas. Así está a cousa. Tragades
co que vos boten. Doce horas ó día, bota contas, son se-
senta horas á semana se non curras sábado, cousa rara.
Duascentas cuarenta horas ó mes. Venche saíndo a hora
a duascentas escasísimas pesetas, un euro e pico escaso.
Duascentas pelas. Non tes nin para unha Big King simple.
Cando penso en algo simple, a máis simple das cousas
simples, vénseme sempre á cabeza unha Big King. Sim-
ple! Inevitable. Duascentas pelas a hora. Sen queixo. Nin
kétchup sequera.

PEDRO: Manda carallo Lourenzo.

LOURENZO: Como vos explotan! Paréceche normal a vosa
situación?

PEDRO: Home, normal é.

LOURENZO: Será normal pero é unha putada. E o cabrón
do vello usurpando as vosas medidas de protesta bási-
cas. Dando discursos. Só queda unha solución: universa-
lización do secuestro laboral legal por obra ou servicio
determinado a tempo parcial, e reparto proporcional
de plusvalías. Liberalismo keynesiano radical. Medidas
desesperadas para situacións desesperadas. Keynesiano,
mola. (*Pedro mírao flipado.*) Linno no periódico.

PEDRO: Oe, e logo ti canto cobras?

LOURENZO: Eu? Oitenta mil.

PEDRO: Estás parvo polos petas ou es normalmente así?

LOURENZO: Outro máis. Non se pode abrir a boca. Non se pode decir nada. En canto abro a boca bótanseme enriba. Matemático.

PEDRO: Pero de que me estás falando?

LOURENZO: Deixei preñada á muda.

PEDRO: Á muller? Á Beatriz?

LOURENZO: Non, á do veciño. E ela empeñada en que non quere abortar. (*Ponse a repoñer caixas*)

PEDRO: Agora se estás dentro da lei podes facelo.

LOURENZO: E se non sempre podes inventar algo: denuncias unha violación, que cha meteu un moro, ou pídeslle ao medico que che firme que o rapaz vai saír parvo. Iso non é mentir, calquera rapaz que nace agora ten todos os boletos para ser parvo do cu; se, como din, se aprende do que se ve, xa me dirás, asunto arranxado, un par de horas de televisión ao día e cumples a norma.

PEDRO: E se polo legal se complica, aforras uns cartiños e vas a unha privada. Habendo necesidade, eu compréndoo. Nalgúns casos, claro. Porque despois sempre hai quen abusa, por vicio, sabes?

LOURENZO: (*Mentres recolle as caixas e as cambia.*) Certo. Sempre tan oportuna a iniciativa privada, salvadora do estado de benestar.

PEDRO: Hai un lote delas, no barrio temos unha. Unha clínica, quero decir.

LOURENZO: Si. A nai dun rapaz que é amigo do meu, que anda todo o santo día berrando game over, game over, game over, como nas maquinitas, sabes?, cando se acaba a partida?, foi a unha. Ela, a nai do Gameover. Foi alí e arregláronlle o asunto en menos de nada. Porque xa tiña o antecedente do outro fillo, que é un paranoico. Fixéronlle mercar un can porque, mira ti, sei que é bo falar cos cans. (*Pedro recolle unha caixa. Lourenzo aproveita para prender o pito*) Tobi chámase. O can, o rapaz non sei como

se chama. Eu chámoo Gameover. Para min que cada día está peor, paranoico perdido. O rapaz, digo, o can está de puta madre. Anda a voltas, o rapaz, con que se acaba o mundo. Game over, game over, anda berrando, seguido!. Gameover, como nas maquinitas, non sabes?, cando remata a partida...

PEDRO: Xa mo dixeches. Apaga iso.

LOURENZO: Pois ela, a nai do Gameover, foi despois de comer e pola noite vina eu en camisón facendo a cea, acojonante. *(Pedro ri)* Non somos todos iguais, Pedriño.

PEDRO: Apaga iso.

LOURENZO: Non, ho. Vanme botar de todas todas.

PEDRO: Aínda non o sabes. *(Saca a petaca e bebe)*

LOURENZO: Non sexas inxenuo, Pedro. Cantos chollos tiveches que che durasen máis de seis meses. O de que a ti che renoven é un milagro gracias á intercesión trifásica e divina da túa primaña Raquel ETT.

PEDRO: Bueno, o caso é que a muller non quere, que non, que non, e que non. Non?

LOURENZO: Non. Na vida. Aínda que quedes no paro, pasamos fame antes que facer iso. Díxomo así tal cual. Parecía Escarlata O'Hara.

PEDRO: As nais son así, ata os bichos máis cativos son quen de deixarse matar por salvar as crías. Pero iso tamén é bonito.

LOURENZO: Ben se ve que non tes fillos. Sabes? Ata me recordou que estamos casados pola igrexa.

PEDRO: Home, é un compromiso, non?

LOURENZO: Pero se eu non quería! E a miña muller tampouco! Foron os sogros.

PEDRO: Pero ti aceptaches. Foches alí e dixeches: si, quiero. Diante do cura, non?

LOURENZO: E?

PEDRO: Ah! Estiveras calado.

LOURENZO: Pero se non pisara unha igrexa dende a primeira comunión. Bueno, algún bautizo, voda, e sempre quedo na porta! Ai!, e na miña confirmación. Miña nai, pobre,

era unha beata... Cantos sustos lle dei. Dous anos de novenas e santísimos rosarios tragou por min. Ti anda con ollo. Isto é como fumar. Ao primeiro vas metendo fume, é molesto pero ti trágalo, vas metendo fume, metendo fume, porque tododiós o mete. E tragas, con esforzo, pero tragas. Ata que un día sen decatarte tes o fume no peito e estás falando a un tempo, tranquilamente, con toda esa merda dentro. Aí jodíchela, xa estás pillado. Enganchado. Pois é todo así. Se casas, acabas parindo. Normal. Por que? Ah!

PEDRO: Home, non che digo que non queira. A taxa de natalidade é un desastre e eu creo que hai que colaborar, pero un é libre de facer o que queira.

LOURENZO: Libre?

PEDRO: Apaga anda... Vante ver.

LOURENZO: Tamén eu era libre co da voda. Pero ó final entrei polo aro. E se fose nada máis que o cura aínda tiña un pase, pero logo hai que pensar no coche, os traxes, arranxar a igrexa...

PEDRO: E o banquetete, as invitacións, as fotos, o vídeo.

LOURENZO: O dos vídeos de voda é... Por que carallo acaban por facerse esas cousas que un sempre pensou que eran unha estupidez? Total.

PEDRO: Para nada, ou eu que sei.

LOURENZO: A teoría do caos.

PEDRO: Hai cousas que nunca cambian.

LOURENZO: Pois deberían. Todo debería cambiar. Sabes que ata lle buscou nome ao fетиño?. Viches?

PEDRO: Si? Como lle ides chamar?

LOURENZO: Fетиño, xa lle chamo fетиño, con agarimo. Beatriz. Vaise chamar Beatriz, como a nai. Oe, a ver se me explicas ti, non sei, un rolo que teño metido na cabeza, por qué nos costa máis, xa non falo de matar, cuidado, senón saber que morre alguén se lle sabemos o nome? Les no periódico: Mortos seiscentos filipinos afogados nun ferri... súdacha.

PEDRO: Si, é certo. Ou no telexornal, non? Que se che co-

incide que ves nos titulares: mortos tres ministros nun atentado con coche bomba.

LOURENZO: Súdacha.

PEDRO: Impresiona. Pero se logo non fas zapping e ves a noticia enteira: fulanito de tal e menganito de cual morreron... E saen os fillos e a muller chorando. E se poñen as fotos!

LOURENZO: Acojona, eh?

PEDRO: Si. (*Chourizos. Cortar picar ensacar atar. Lourenzo segue fumando.*)

PEDRO: Algo había que facer. E non che gusta máis Iria?

LOURENZO: Para o fетиño? Iria? Como Iria Flavia? Non me jodas. Como lle vou poñer o nome dunha aldea. Beatriz! Chámase Beatriz. Como a nai. Como lle vou cambiar agora o nome?

PEDRO: O dos fillos é increíble. Hai xente que non os quere, coma ti...

LOURENZO: Eu non dixen iso.

PEDRO: E outros que se matan por telos. É inxusto. O mundo está moi mal repartido.

LOURENZO: Es un fenómeno. Se non entendín mal, dito coloquialmente, a cousa consiste, en que se tes por exemplo dous fillos, como é o meu caso, e o veciño de abaixo non ten ningún e anda coa pobre da muller coa cona de consulta en consulta a ver se empreña, eu collo á Beatriciña, entrégolla no mesmo momento do parto coa condición de que non lle cambien o nome, e acabouse.

PEDRO: Non sexas animal.

LOURENZO: Estás falando da xusta redistribución dos fillos excedentarios. Es un crack. Pedro Manuel López Besteiro inventor da ultramoderna planificación familiar, encantado. (*Dálle a man.*)

PEDRO: Non empeces.

LOURENZO: Empezaches ti.

(*Cortar, picar, ensacar, atar*)

PEDRO: Pensei invitarvos á voda.

LOURENZO: E eu son o animal. Iso é un pastón, como vas invitar a cento e pico compañeiros?

PEDRO: Non, só a ti e á túa familia. Que pasa? Se non queres non tes por que vir.

LOURENZO: É ao revés. Sorpréndeme.

PEDRO: Somos amigos, non?

LOURENZO: Home, coñecémonos hai canto...

PEDRO: E iso que importa? Queres vir ou non?

LOURENZO: Si. Pero ten claro que non vou ter cartos para o regalo.

PEDRO: Iso tanto ten.

LOURENZO: Pois gracias.

PEDRO: Xa mas darás se chega o día.

LOURENZO: E logo?

Pedro encolle os ombros. Chourizos.

oitava

Segue a guitarra de Pedro zoando coma unha abella, coma unha máquina, repetindo e fracasando acordes. Lourenzo acaba de comer o bocata e bebe dunha lata de cervexa. Logo arma un petardo.

PEDRO: Non sei, foron tres anos tras dela, espiándoa, seguíndoa sen que se decatara, tres anos de segredos, de chorar por ela, púñame como un tomate cada vez que alguén insinuaba que eu andaba por ela. (*Pásalle o tarabeliño a Lourenzo.*) E un quince de setembro, acórdome ben do día, porque era a súa festa de cumpleaños. Convidáranme porque sempre convidaban aos curmáns, a todos, sen faltar un. E eu, alí, de pé, no medio do salón, cun tiramisú na man ollando para ela. E por fin vexo que ela olla para min. Non sabía que facer. Ela móvese, e vén claramente cara min. E eu sen ser quen sequera de pensar nin como fago pra mover os beizos e dicirlle ola. Ela estira o brazo, a súa man dereita, cólleme o pastel, sorrí como un anxiño, e mete o tiramisú enteiro na boca. E nunha arroutada espétolle: un tiramisú para unha flor de pitiminí. (*Lourenzo sorrí*)

PEDRO: E ela escacha a rir e éncheme a cara cos restos do tiramisú, e todos ollan para min e tamén escachan a rir, veña a rir. E eu non era quen nin de me mover. Logo ela, cun pano, limpoume o nariz. Nese momento noteime tan pouca cousa.

LOURENZO: (*Rindo*) Un tiramisú para unha flor de pitiminí, que patético.

PEDRO: Vale xa.

LOURENZO: (*Lourenzo devólvelle o piti a Pedro.*) Se non queres que a xente ría non contes nada, Pedriño.

PEDRO: A min non me fai gracia. Despois diso xa non fun quen de falarlle a case ninguén. E o que xa me resultaba imposible era falarlle as mulleres das que me namoraba. E sempre estiven namorado: da miña profesora de guitarra, da camareira da cafetaría, dunha policía municipal, supoño que polo uniforme. Da profe de lingua, Nélica. Vanessa, Sandra, Rosa Tetas, que ben xogaba. Era unha marabilla cando entraba a canasta. Eva, Lucía, a Semenova...

LOURENZO: Increíble.

PEDRO: Si. Ata devecín uns meses pola avoa dos meus veciños: unha señora de case setenta anos que traía de cabeza a familia. Parecía a Sofía Loren. Que muller. Levaba ela máis vellos á casa que visitas o resto da familia. Acórdome que unha das netas dixome dela un día: “amárganos a vida aposta, e iso Noso Señor vaillo ter en conta moi pronto”. Que dozura cando dixo “moi pronto”. Foi como se xa fose, como se esa noite ela e máis eu... Pero non pasou nada. Logo namorei da miña irmá. E da muller do xefe do meu pai, e dunha cantante de orquestra medio china coa que currei. Pero ningunha o soubo nunca, nunca dixen nada a ninguén, a ninguén. A única vez que falei cunha muller para pedirlle, xa sabes, foi coa miña moza, só con ela. A verdade é que a única vez que falei cunha moza conseguín o que quería.

LOURENZO: Pero, que tes?

PEDRO: Que namorei.

LOURENZO: Vas casar! Non te preocupes que non é para tanto. Unha vulgaridade. Todo dios casa con todo dios e non sei de ninguén ó que botaran da Igrexa por facelo mal o día da voda. Dicir si quero, non tropezar nin pisar moito á moza cando, á muller!, no valse xa é túa muller, sorrir para as fotos, iso é fundamental. É o día máis feliz da túa vida. Ademais, toda a vida, ao chegar do chollo, vas atopar a túa peor foto de voda presidindo o salón, enriba da tele. Mellor non cases.

PEDRO: Estou namorado de outra.

LOURENZO: De quen?

PEDRO: Da sobriña do jefe.

LOURENZO: Estás salido! É normal. Todo nervios. Ves pasar unha cachonda calquera e vánseche os ollos. Poste como un foguete. Os nervios da voda. Pois vaite afacendo, aínda é peor despois de casar.

PEDRO: Non, non... Téñoa metida dentro. É a muller da miña vida.

Lourenzo ri

PEDRO: Pois voulo decir. Coa canción.

LOURENZO: Estás parvo.

PEDRO: Para ti nunca nada serve de algo. Así che vai.

LOURENZO: Como?

PEDRO: Non pensas facer nada por salvar o chollo?

LOURENZO: E que carallo vas facer? Se te teñen agarrado polos collóns. Primeiro explótante e ti a calar, non vaia ser que non te renoven, e cando por fin cres que chega o día en que vas poder falar, van, e á puta calle. Para que aprendas que aquí o único que pode dicir algo é o que paga. E sabes que nos están dicindo continuamente.

PEDRO: Vai tomar polo cu.

LOURENZO: Exacto. Vai tomar polo cu e que che preste. Vai tomar polo cu e sorrí, que senón nin iso. Non sei se es quen de imaxinar como de farto estou de tantas novas políticas de reinsertión laboral televisadas e de tanto...

PEDRO: Axúdasme coa letra da canción?

LOURENZO: Non me jodas a cabeza! É increíble.

PEDRO: O que?

LOURENZO: Ti.

PEDRO: Eu? Por que?

LOURENZO: Estás falando en serio?

PEDRO: Si. Por que non? Se te fixaras nela verías que ten un aquel romántico...

LOURENZO: Esa? O máis romántico que fixo na súa vida foi asinar cartas de despido.

PEDRO: Escríbesme a letra?

LOURENZO: E dalle. (*Pedro érguese.*)

PEDRO: Creo que vén o encargado.

LOURENZO: Que nos descubra. (*Esconde disimuladamente o papel e a mestura*)

Pedro vai gardando todo con coidado na caixiña.

PEDRO: Pasou de largo.

LOURENZO: Acojonado.

PEDRO: Mira quen foi falar.

LOURENZO: Quen?

PEDRO: O que non fala. (*Lourenzo ofrécelle un grolo a Pedro, que non quere. Bébeo el e logo pégalle outro lingotazo directamente á petaca*)

PEDRO: Queren ir de putas na miña despedida de solteiro. Están decidindo en que putiferio, e con cantos kilos de carne. Teño cara de cura?

LOURENZO: A que vén iso?

PEDRO: Cando se decataron de que andaba eu por alí puxéronse a falar de paridas. Xa sabes. Deben pensar que aínda non me estreei. Total a min iso de ir de putas non me chama moito. Pero tampouco nacín onte. Podían preguntarme, ou contarme algo.

LOURENZO: Fano por dar unha sorpresa, home.

PEDRO: Que sorpresa? Se sempre andan contando que en todas as despedidas de solteiro van de putas! O que pasa é que queren ir sen min. Non me van levar. Son demasiado educado, e iso non gusta. Non me ven sequera. Eu cría que deste xeito conseguiría que alomenos me respetaran. Pero ninguén ten en conta á xente educada. Ti fariaste dun tipo así?

LOURENZO: Un tipo que?.

Pásalle o pitillo a Pedro.

PEDRO: Un tipo moi educado.

LOURENZO: Si. Depende.

PEDRO: Non ves?

LOURENZO: Non é nada personal, Pedro.

PEDRO: E as mulleres nin me ven, ou polo menos as que eu

quero. Sempre foi así, dende a miña curmá Raquel ata esta, nunca se decatan. Pero xa chegou. Fasme a letra? Ti tes facilidade para as palabras.

LOURENZO: Que cruz.

Lourenzo saca o periódico da mochila e bótase á lectura no sentido árabe, empezando pola contraportada.

PEDRO: Teño cara de cura?

LOURENZO: De cura non. De monaguillo.

PEDRO: Sí?

LOURENZO: De monaguillo pesado. E eu?

PEDRO: Que?

LOURENZO: Que de qué teño cara? (*Pedro ri.*) A ver se vas levar un pelote.

PEDRO: Ti valerías para un chollo deses de moito falar.

LOURENZO: Sí?

PEDRO: Político, avogado... Futbolista. Agora falan seguido, en todas partes.

LOURENZO: Non estaba mal. Teño cara de Director Xeral de Familia?

PEDRO: Así de perfil, aínda vales.

LOURENZO: Un aquel de paspán si que che teño, iso sempre é un punto. Estoume vendo no Magnolias do Correo Galego. Orgásmico. Pólvora para los del no, porque... Ou de director xerente dalgunha institución cultural autónoma.

PEDRO: Que carallo é iso?.

LOURENZO: (*Encolle os ombros*) O de andar de putas a min tampouco me tira moito. Antes aínda lle daba, pero desde o da mulata acabouse, punto e final. Unha parida: un día collín unha tipa, porque ían todos os do curro, na última empresa, e leveina a un descampado para que me fixera un traballíño como dios manda. Xa sabes. Coller e ¡bumba!, meterlle o rabo na boca. Alí a pobre da negra afogada, non sei se me entendes por onde van os tiros...

PEDRO: Non sigas por aí, tío.

LOURENZO: Que pasa? Primeiro quéixaste de que os outros non falan diante túa destas cousas e agora que che co-

mento, así moi por riba, as miñas impresións sobre o asunto, poste digno e pídesme que peche a boca. A ver se te aclaras! A que viña isto?

PEDRO: A nada.

LOURENZO: Como que a nada? Ah, si! O da mulata. Entendes por onde vou? Non tiña que controlar. Coa mulata, entendes? A iso ía. Nada de parar, correrme fóra, ir lavado. Nada. Deixarme ir. Iso de controlar é unha crueldade.

PEDRO: Si. *(Soa a sirena)*

PEDRO: Entrou máis material.

LOURENZO: *(Mirando o reló e ao saco e á oficina e ao mundo.)*
Este puto país non hai cristo que o estructure. *(Berra.)* E o descanso, que?

novena

Desvestíndose, Pedro aínda amoucado, calado, entra Lourenzo berrando os acordes do Danubio Azul, medio disfrazado de noiva cunha pata de coello ou unha cabeza de galiña a xeito de ramo de orquídeas. Chega onde Pedro, cólleo de ganchete e bérralle na orella

LOURENZO: Si quiero! (*Bótalle confeti polos pelos a Pedro e como remate guinda o ramo-pata de coello para atrás.*)

Pitu!, ¡que suerte tuvistes! Viches?

PEDRO: Pedícheslle o coche a Beatriz?

LOURENZO: Si... Pero xa che dixen que non che vou deixar conducir.

PEDRO: Pero mira como estás xa...

LOURENZO: Como dios. E mañá peor. Vou subir cantar coa orquesta, a túa canción.

PEDRO: Tesme a letra?

LOURENZO: E o luns de resaca, no paro e sen cobrar. Pero, que lle imos facer.

PEDRO: En serio? Tesme a letra?

LOURENZO: Si.

PEDRO: Cántama.

LOURENZO: Nin de coña. Voucha dar de regalo de voda.

PEDRO: Non, ten que ser xa. Se non, non me vai quedar tempo para ensaiala.

LOURENZO: Se cha digo agora ti es quen de ir cantarlle á sobriña e logo non casas. Éxito asegurado. Logo vén a túa futura e mátameme.

PEDRO: Mira, isto é o que hai. (*Saca un feixe de billetes da carteira e déixao no taburete, na sombríña mesma de Lourenzo*) Se me deixas conducir a min. Non vou beber, nin fumar, nin nada... En serio.

LOURENZO: Si. Se ás oito non está o coche diante da miña casa... Se lle pasa algo, mátoteme. De acordo?

PEDRO: Dacordo. Déixame as chaves, anda.

LOURENZO: Que cuspa fóra.

PEDRO: Non fales así. Déixame as chaves, por favor.

LOURENZO: Necesitao miña muller. Ás oito en punto diante da miña casa. Se non mátoe.

PEDRO: Mátasme.

LOURENZO: Con saña.

PEDRO: Mátasme con saña se non está ás oito en punto diante da casa. Déixame as chaves, por favor, por favor, por favor... (*Axeónllase*)

LOURENZO: Que fas? Arriba. Toma. (*Dálle as chaves do coche*)

PEDRO: Gracias, tío. É certo que tes a letra?

LOURENZO: Si.

PEDRO: Cántama. Dima polo menos, por favor.

LOURENZO: (*Falando da corbata*) Está mal feito, ves? Ah, pois non. Non estaba mal! Hai que pasar primeiro este cabo pola esquerda.

PEDRO: Dima polo menos.

LOURENZO: Espera que faga memoria. Primeiro é o lado estreito para a esquerda. (*Canta*) Héroe muy solitario, él solo es un operario, y la ama...

PEDRO: Iso non vai coa música.

LOURENZO: ...se debate en el infierno, de quererla y no tenerla y la ama. Con que música?

PEDRO: Coa que estou compoñendo eu.

LOURENZO: A min non me dixeches nada de que tiña que ir cos rúidos que fas.

PEDRO: É o lóxico.

LOURENZO: A lóxica non é máis que un xeito de controlar-nos. Xa está. De facer que pensemos como pensan todos. Unha crueldade.

PEDRO: Xa. Pero todo o que fas ti é falar. Logo cando hai que facer algo, cágala. Non fas nada, nunca.

LOURENZO: Se chego saber que te ías poñer así non che gastaba a coña. (*Tíralle a corbata.*)

PEDRO: O da letra tanto ten. Teño a miña música. É miña. Persoal. Son eu, espido diante dela. Ademais, o matrimonio non vai comigo. En realidade non vai con ninguén. Non vai. (*Lourenzo deixa de se vestir e mírao*) Toda a familia no banquete coas cámaras de fotos, as firmas na tarxeta da comida, o da corbata. O vídeo. Unha das cousas que peor levo da miña moza é que lle encantan os vídeos de voda.

LOURENZO: Iso é grave. Terrible. Imperdoable. Pero común.

PEDRO: Decidido, non caso. Deixo o chollo e xa está. Non se pode estar cobrando o que cobramos e logo abrir a boca para protestar porque nos explotan.

LOURENZO: Estás cagadiño, rapaz. Non lle deas mais voltas. Xa estás no pasillo, con todas as vacas empurrando detrás. Non hai volta. Así que, reláxate, comprame dez taleguitos para todos, ou o que ti queiras. Despois pasamos polo súper, collemos entre tres e duascenas botellas de whisky e co que nos sobre facemos cócteles molotov e que arda Troia. Imos celebrar a despedida de solteiro do ano, do século, do millenium... Deberías invitala. Á nosa queridísima...

PEDRO: Ti cres que viría?

LOURENZO: Segurísimo! Poño a man no lume e os huevos nunha tarteira. E como fin de festa aproveitando, collémola, pasámola e repasámola e facémoslle todo o que queiras no almacén. Vaiche sair moitísimo máis barato que as putas.

A voz de Clapton introduce unha nova versión para madrugadas de Before You Accuse Me (Take A Look At Yourself)

décima

Pedro na parada do bus diante de Cárnicas Amancio. Leva a corbata posta. Chama por un teléfono móbil. Leva postas as luvas de traballar. Segue sonando, moi lonxe, Eric coa guitarra, “Before You Accuse Me”.

PEDRO: Merda. (*Busca a mellor cobertura*) Nove oito un cincuenta e oito catorce corenta e catro. A ver se colle este cabrón. Vai. Colle cabrón. Tres, catro, cinco. Lourenzo! Perdoe. Está o seu home? Non. Ás sete e media? Total ás oito xa ten que estar no coche. Non? Como? Non, saéme, síntoo. A próxima vez fáloche de tu, si. Que non sabes quen é Lourenzo? Pero ti quen eres? A filla? Beatriz, o feitiño? Sen faltar! Teu pai non se chama Lourenzo? Aí non vive ningún Lourenzo. Perdoe. Si, iso, perdoa. Ata logo. Si. Chst, escoita! Vai tomar polo cu. (*Corta.*) Merda! A ver. Relax. (*Comproba o número no móbil*) Está Lourenzo? Son Pedro. Si, pero marchei antes. Non me atopaba ben. Os nervos, claro. Si, si, quedaba con todos nun pub. Borracho? Non, casi non bebeu! Claro, mire se está durmindo no sofá. Si, si, non hai présa. Bueno, algo. Non está? Ben, pois xa chamarei máis... Que está entrando pola porta? (*Pasea, saca notas musicais.*) Lourenzo? Estouche chamando polo seu móbil. Si. Si, o da xefa. Á sobriña! Non, non é como ti cres. Como vou querer que sexas o padriño da voda? Cala e escoita! Non, non lle pasou nada ó coche. O típico, mancheino un pouco. Si, a camareira estaba moi cachonda, si. Non me importa o que te atreveras a decirlle, cala e escoita! Fáloche como me sae da gana! Deixa en paz o da voda! Si, o coche está aí ás oito como quedamos pero tes que vir ti a por el. Á fábrica. Xa cho dixen. Chamo desde o seu móbil. O da sobriña! Si! Á fábrica! Onde

traballamos os dous, que fábrica vai ser! Xa sei que hai moitas, pero se digo a fábrica é a fábrica! Non vou discutir por tonterías, Lourenzo. Tes que vir buscar o coche. Si. Moi cachonda. Moi bonitiña. Non, non lle falei do teu contrato. Que se a conquistei? Non me vaciles, si, máis ou menos. Non, coa canción non. Coa guitarra. Si. Si. Si. Non, non me declarei, creo que fun un poco brusco. Ven á fábrica agora mesmo! Non perdas tempo. Xa sei que non tes coche, pero colles un taxi, págocho eu. Xa che pagarei as putas outro día. Apura!

décima primeira

Almacén da fábrica. Acéndense as luces. Silencio. Pedro xoga co móbil, fuma, bebe da petaca, mira o saco. Ten as luvas postas.

LOURENZO: Pedro! Onde andas?

PEDRO: No garito. Ao fondo. *(Lourenzo entra.)*

LOURENZO: Ti estás parvo. As chaves. *(Pedro pénsao. Saca dous chaveiros do peto. Tira un deles a Lourenzo, que as garda no peto.)*

LOURENZO: E mil pelas polo taxi.

PEDRO: *(Saca os cartos e dállos.)* Saiuche caro.

LOURENZO: Cala. O que tiña que facer era pegarche as hostias que che prometín. Pero estás perdoado. É o meu regalo de voda. Lévote a algún sitio? *(Lourenzo vólvese para marchar.)*

PEDRO: Non sei se vai haber voda.

LOURENZO: Estás parvo.

PEDRO: Cala, joder! É algo serio. Está ela aquí, comigo.

LOURENZO: Mira Pedro. Ás oito tiña que estar o coche diante da casa e tesme aquí como un imbécil, non me fai puta gracia.

PEDRO: Está no saco. Como dixeches ti.

LOURENZO: Está esperándome Beatriz. Se non casas, avisa. Aproveito e vou durmir a resaca. Que che dean moito, Pedriño. *(Lourenzo sae e volve coas chaves na man)*

LOURENZO: Que carallo é isto?

PEDRO: As chaves da fábrica.

LOURENZO: Dáme as miñas.

PEDRO: Dixéchelo ti: metémola nun saco, encerrámola no almacén, amarrámoslle...

LOURENZO: Dáme as miñas chaves e cala a boca. *(Lourenzo tíralle as chaves da fábrica, Pedro déixaas caer ó chan.)*

LOURENZO: Que fas? As miñas chaves, hostia!

PEDRO: Aí as tés. (*Ofrécellas pero non llas dá ata que Lourenzo o agarra polo pulso esquerdo.*) Estamos os dous nisto. Fíxeno polos dous. (*Agarran os dous con forza o chaveiro do coche, Pedro retórcele o brazo a Lourenzo e faino caer de xeonllos.*)

PEDRO: Se saes por esa porta só terei que chamar á policía e dicirlle que miren no teu coche. Estás tan collido coma min. A xente sabe quen é o sospeitoso número un. O que fuma na planta, o camello, o que fala de máis, o dono do coche no que a trouxeron ata aquí. A quen non lle van renovar o contrato. A ver se adiviñas de quen son as pegadas que hai nas chaves da fábrica. Temos unha solución: colles o mandil e mailo pucho, pólos, e a traballar, a facer chourizos. Traballo temporal para empresarios, universalización do... Toda esa merda que dis ti. (*Pedro sóltao. Lourenzo entón revólvese contra el e sae. Escóitanse portas que pechan e chaves que xiran. Pedro interpreta de memoria a peza completa. Vólvense escoitar portas. É Lourenzo. Busca as chaves do coche, cólleas e fai o aquel de saír de volta.*)

PEDRO: Non me renovaron.

LOURENZO: Desde cando o sabes?

PEDRO: Hai un mes, díxomo a miña curmá Raquel. Cando me trouxo o regalo de voda. Sabes que me regalou? Un móbil deses de que xa somos libres. (*Pásalle o móbil a Lourenzo, fai soar o timbre, a musiquiña de "Libre" de Nino Bravo*)

LOURENZO: Como se para isto? (*Pedro bate co móbil contra unha caixa*)

PEDRO: Que facemos?

LOURENZO: De momento, fume. Fuxir. A Amsterdam.

PEDRO: Amsterdam?

LOURENZO: Si.

PEDRO: Por que Amsterdam?

LOURENZO: Polo material. Cojonudo.

PEDRO: Putas?

LOURENZO: Hachufa.

PEDRO: Non sabía, non me mires así. Dasme un?

LOURENZO: É o último.

PEDRO: Eu non fumo tanto coma ti. De feito cando máis fumo é cando estou contigo.

LOURENZO: Ai que hostia.

PEDRO: Perdoa.

LOURENZO: Como me volvas pedir perdón mátoe. Joder, xa parezo un ionqui. Amsterdam. Os ionquis cando se xuntan sempre andan falando de ir a Tailandia, tampouco o sabías? Acaban de chutarse, están completamente cegos e xa se poñen a pensar en Tailandia.

PEDRO: E por que?

LOURENZO: Polo material. Supoño. Ou eu que sei. (*Pedro fai un círculo de fume.*) Como fas iso? Ves? É unha desas cousas que me jode pero mogollón non saber facer.

PEDRO: É fácil. Tes que escoitar este ruído. Así non tes que poñer cara de peixe. E aí o tes. Un o.

LOURENZO: Un cero. Ti cres nos Reis Magos? Trae o pito para aquí.

PEDRO: Nunca crin. De pequeno, unha tarde que non estaban os meus pais, os meus irmáns maiores obrigáronme a ver as caixas dos regalos no trasteiro. Aínda así eu seguín a decir que cría neles, durante anos. Se algún compañeiro da escola decía que cría, eu tamén. E se non, eu tampouco. Ves? Colles así, pechas a boca, e botas o fume con forza. (*Fai outro cero.*) Aí vai outra. (*Devólvelle o pitillo a Lourenzo.*)

LOURENZO: Eu crin casi ata que fun ó Instituto. A tarde anterior, o día cinco, limpabamos os zapatos. Todos os irmáns alí arredor da caixa dos bruzos e mais o betún, co chan todo cuberto de periódicos. Puñamoslle auga para os camellos, licores, pastitas, chocolate. Vaia chea que agarraban os vellos pola miña culpa. Non lle poñades licor, decían cando xa fun medrando algo. E nós, por joder, máis aínda. Aínda é hoxe que teño que levarlle os zapatos limpos o día antes e cando chego alí pola mañá, o día

de Reis, está de resaca e ten os regalos colocados onde os zapatos. Gústame. Pero agora co cabrón de Papá Noel. Gordo do carallo. Nin sequera iso. Os pais, son os pais. Hai que joderse.

PEDRO: Que facemos?

LOURENZO: Que facemos? “¿El coche o el anuncio? ¿Cueces o enriqueces? ¿A qué huelen las nubes? ¿A qué huele lo que no huele?” Que é o que pasa cando non pasa nada?

PEDRO: Nada. Que estupidez.

LOURENZO: Nada? Ignorante! Que facemos? Seguir aparentando que todo é normal. Sabes bailar o valse?

PEDRO: Iso que anuncio é?

LOURENZO: É en serio. Se queres apréndocho. Para que non vaías facer o ridículo na túa voda. A meu irmán aprendíno tamén na despedida de solteiro, cando volvimos para casa.

PEDRO: Pois vaille preguntar se quere perfeccionarse. (*Colócalle a gravata e tira del para poñelo en pé. Agárrao e dálle as indicacións necesarias para empezar a bailar.*)

PEDRO: Que fas? Déixame en paz. Aínda che vou...

LOURENZO: Arriba, a bailar. Ti pos a música e eu vouche dicindo os pasos. Pim pam pam, pim pam pam, pim pam pam, paaaaam... Veña, é fácil, dereito, esquerdo, nas puntas. Canta, un dous tres, un dous tres, canta máis alto! Baila, mariquita!

*Miran as volutas brancas, espirais, fíos, nubes, Pedro fai un o, círculo de fume, símbolo do vacío, nada, rin, sen deixar de bailar. Se cadra, logo do escuro estoupa outra vez o ruído de máquinas e Pedro e Lourenzo traballan facendo chourizos na liña de produción, se cadra volven toparse en *Uma no Traballo Temporal*, ou en *Amsterdam*.*

Insomnio

(antes *Nunca Durmo*, de Erik Cachuzo)

Rubén Ruibal

Insomnio titulouse inicialmente *Nunca Durmo, de Erik Cachuzo*. Foi publicada previamente pola Revista Galega de Teatro no caderno central do seu número 48. O texto foi escrito a partir da idea inicial sobre arte e nada de Eva Gontad e Begoña Ferreira, que xa tiñan escrita gran parte da primeira escena, e improvisacións dos membros do reparto de Ápeiron Teatro da Universidade de Santiago de Compostela que levaron por primeira vez a escena o 23 de marzo de 2003 na Sala Nasa de Santiago de Compostela, baixo a dirección de Carlos Losada e coa seguinte ficha artística e técnica:

Duluth	Eva Gontad
Alba	Begoña Ferreira
Garda seguridade	Sergio Irigoyen
A da xiringa	Silvia Cerneira
Nefertitit insomne	Santi García
Funcionaria	Iria Cacheiro
Hjerbert bonn	Martín López
Musica	Fernando Epelde
Escenografía	Viruta
Vestuario	Lorena Iglesias
Deseño grafico e fotografía	Fran Pedreira e Rebeca Díaz
Dirección	Carlos Losada

Texto onírico-acuático perpetrado por Erik Cachuzo e Rosvita de Alexandria, arredor de ideas e textos de Fernando Pessoa, Lewis Carroll, Chico Xavier, Gocho Yamamoto -ou algo así-, Ápeiron teatro e outros autores, artistas e/ou artesáns.

Dramatis Personae

Amodiozko Ziriflipa (Remuíño de amor), de Mike Nedo

Un gato negro

Hjerbert Bönn

Alba

Duluth

Nefertiti insomne

O garda de seguridade ilegal

A artista da xiringa

A funcionaria titulada

DEBERÍAS SER CONSCIENTE DE QUE ESTÁS PERDENDO PÉ COA REALIDADE

Nun espazo entre a casa do espello e o libro do desasosiego, alí onde aínda nos atopamos ás veces os vivos, entre o soño e a morte, ás veces cos mortos. Un gato negro xoga cun nobelo e, probablemente, foxe como un culpable. Un home de idade incerta, gris da cabeza aos pés, postrado nunha cadeira de rodas, comeza a iluminalo todo coas súas palabras. Duluth e Alba, o retrato do aburrimiento e o insomnio, xorden do seu maxín –ou viceversa– deitados nunha cama. Vixíao todo outro presunto ser humano, o garda de seguridade ilegal, diante dunha pantalla de televisión partida en catro imaxes recollidas de catro cámaras penduradas das catro esquinas do teito. Parece distinguirse ao fondo, pendurada tamén pero da parede, unha copia de Amodiozko Ziriflipa (Remuíño de Amor) de Mike Nedo, aínda que ben pode non ser máis que unha mancha de humidade, ou incluso o cadro orixinal deste nunca ben ponderado “artista total”.

HJERBERT BÖNN

*Tomado de **O libro do desasosiego** de Fernando Pessoa*

Nunca durmo. Vivo e soño ou, mellor dito, soño en vida e ao durmir, que tamén é vida. Non hai interrupción da miña conciencia: sinto o que me rodea se aínda non durmo, ou se non durmo ben, e logo entro a soñar en canto durmo de verdade. Así, o que son é un perpetuo desenrolarse de imaxes, conexas ou inconexas, que finxen sempre que son exteriores. Unhas, situadas entre os homes e a luz, se estou esperto. Outras, situadas entre os fantasmas e a sen-luz que se ve, se estou durmindo. Verdadeiramente non sei como distinguir unha cousa da outra, nin ousou afirmar que non durmo cando estou esperto ou que non estou espertando cando durmo. A vida é un nobelo que alguén envurullou. Habería un sentido nela se estivese desenrolada e posta ao longo pero, tal como está, é un problema sen nobelo propio, un envurullarse sen onde.

Na cama, deitadas e aburridas, Alba e Duluth fuman, saltándose as múltiples directivas estatais e comunitarias que advirten dos males que causa o tabaco e as recomendacións do corpo de bombeiros, avaladas por sabias estatísticas, arredor dos incendios provocados por paviñas de pito aparentemente inocentes que acaban chamuscando colchóns, dormitorios, pisos ou edificios enteiros; o mal non acouga. Aos pés da cama, unha televisión prendida; sobre o colchón e aos lados, paquetes de tabaco consumidos, cinceiros, cabbichas, varios chisqueiros, unha gravadora, unha mochila, libriños de papel, unha libreta pequena de páxinas brancas, unha lata de galletas danesas rebordante de herba, algún libro do lado de Duluth, revistas do lado de Alba, e varios partes de sinistro –periódicos– abertos pola páxina das esquelas. Hai tamén botellaría e unha cámara de fotos. Alba –que ten o mando a distancia da tele nunha man e un pito feito a man na outra– saca fotos cun terceiro brazo, coma o de Stelarc pero articulado, ou cun terceiro ollo, todo ao tempo que bota contas. Duluth apunta nunha libreta, ou grava, continuamente. Ilumina todo, despois das palabras do vello da cadeira de rodas, a televisión, emitindo un programa científico de última xeración. Clonación, arte contemporáneo, conexións neuronais, os temas de maior interese para contemplativos en xeral, coma nós.

ALBA Supoñamos que Deus, supoñendo que exista, ten unha lista ordenada cos mortos que vai ter que recibir no Paraíso. Por unha cuestión organizativa. Contando todos os do periódico: accidente, naufraxio terceiromundista, lista de espera en hospital recentemente construído, atentado, sen ser en atentado, conflito bélico, danos colaterais, accidente doméstico, 3212. Faltan 3212 menos. Da suposta lista de Deus.

Duluth pensa e apunta, le, cabréase, ri, sorpréndese, mira arredor, cala, cala, cala.

Sen contar os que non saen. Iso si que da medo. E aínda máis estremece pensar que moito antes, moito moito antes de calquera esperanza, todas estas palabras, esta luz, estas roupas, van ser ruído que ninguén lembre, van ser só máis silencio. *A Duluth: Ámote.*

DULUTH Ámote, ámote, ámote... *Repíte seis ou sete veces* Ves como as palabras perden o sentido ao ser repetidas? Até soan diferente. Soan mal. Ámote sen máis? Veña!

ALBA Ámote con toda a carga do meu pasado, con todo o sentido co que milleiros de séculos fixeron do amor un ideal. Ámote con consecuencia, con causa, con especulación, con regodeo.

DULUTH Non poderías facelo aínda que quixeses, mintes. E mintes mal. Podería durmir por fin se che fixera algo de caso.

ALBA Incrível.

Fuma e cambia de canal compulsivamente: Punset, Rosa María Mateo, Tedio Carrera –non corrixan, está ben escrito así, correctores-, Sardá, Rocco Sifredi codificado (pero é que non pode ser outro). Colle unha revista –HOLA, para sermos exactos-, ábrea e le ou mira as fotos.

DULUTH Vese que liches pouco.

ALBA Estou empezando a odiarte.

DULUTH Deberías ser consciente de que estás perdendo pé coa realidade.

ALBA Pois afúndete comigo, morramos como morren os amantes de verdade.

Pásalle o pito. Duluth mira, quítalle a Alba o mando a distancia, dubida e fai como que vai fumar, pero pensa e non fuma. Logo xa sí.

DULUTH Afogados?

ALBA Xuntos!

DULUTH Prefiro que morran afogados. A partir de agora os amantes por antonomasia morrerán afogados, afogados

e azuis. E inchados. *Saca a gravadora e repite.* Afogados, afogados e azuis, e inchados. Horrorificamente ripioso.

ALBA Que bonito. Afogados no mar? Os afogados azuis e o mar verde.

DULUTH Gris. O mar é gris.

ALBA Verde! Como pouco, azul. Azul mariño.

DULUTH Ignorante. O azul mariño non é polo mar. É polo azul que viña de ultramar, o lapislázuli. Aí téis outra bonita palabra, sen significado útil, pero fermosa. *Grávaa.* Lapislázuli.

ALBA Ódiame, anda.

DULUTH Atérrame a túa sensibilidade. Levo un bo cacho facéndoo.

ALBA Si? Pois un pouquiño máis.

DULUTH Non sabes canto.

ALBA Estaba xogando!

DULUTH Síntoo, non son un arquivo ambulante. Non coñezo as regras do teu xogo, nin me importan, nin lembro as túas zonas vedadas, así que, improvisemos.

Tócalle unha teta. Alba decide deitarse a durmir. Escóitase un canal codificado, polos ollos de Duluth non hai dúbida de que non pode ser outro que o imbatible Rocco.

ALBA Abrázame como...

DULUTH Se me quixeses? Cala. Seino.

ALBA Se queres deixamos de xogar.

DULUTH E morremos.

ALBA Durmimos, idiota!

O garda de seguridade ilegal examina as paredes todas cunha lanterna á busca de calquera cousa fóra de sitio, Duluth mira aburrída, ao garda de seguridade e ao lapis alternativamente, o garda rodéaos pero non os descubre porque mira rutinariamente á parede ou ao infinito.

DULUTH E que máis dá? Teño que conseguir outro lapis. Este escribe cousas que non quero escribir.

Alba míraa, en silencio míranse, a perplexidade é un océano que o cobre todo, como a estupidez ou o silencio da intelixencia, que diría un poeta cutre coma calquera de nós. Duluth mira arredor, pecha o libro, xa non le, nin apunta coa pluma nin co mando a distancia, nin grava, só mira arredor.

ALBA Non quero durmir. Imaxínate que morro e eu sen sabelo, durmida. Non podo perderme un momento así, fundamental na miña vida.

Mira o reloxo. Duluth encóllese de ombros ou emite algún son, está moi entretida mirando ao home medio espido que acaba de entrar, Nefertiti insomne, que coloca e recoloca periódicos e libros arredor da cama; é un home novo con cara de neno e corpo de cabuxa, vestido de vermello, que acabará meténdose na cama que agora ocupan elas, pero non contemporaneamente con elas: unha mágoa, pensa Duluth. Alba ri, ciumenta.

Podo serche sincera?

DULUTH *Que non pode deixar de mirar ao home. Non é o momento.*

ALBA No fondo penso que, en fin, vaste aburrir. E o aburrimiento non admite moitos adxectivos. Bueno, si, aburrido. Pero é redundante. Aburrimiento aburrido. Iso si que soa mal.

DULUTH *Si. Colle a gravadora e repite ou pídelles a Alba que repita Aburrimiento aburrido.*

Aquí convén dar o dato de que Alba está rapada e Duluth ten unha longa melena, se cadra é tarde, pero o refraneiro popular xustifica a ubicación tardía desta acotación. Por outra banda, o autor ou autores solicitan nesta mesma acotación que se desculpe a posible confusión de xénero que provocan os adxectivos destinados aos personaxes da obra, dado que non é comprobable empiricamente que se trate de personaxes, homes, mulleres, ou calquera tipo de ente mitolóxico ou onírico.

ALBA Acariñame o pelo. Estou capilarmente nostálxica, non o notas?

DULUTH Si. E cheira.

ALBA A podre. Pero é porque estou morta, que queres que lle faga?

DULUTH *Mirando arredor* Non estou segura de que sexas ti. Regodéate na putrefacción, querida. Que pouco morbosa es!

NEFERTITI INSOMNE *Mira o reloxo, sae cara á cafetaría e protéstalle ao garda de seguridade pola invasión do seu posto de traballo.* Que?

O GARDA DE SEGURIDADE ILEGAL *A Duluth e a Alba, con entradas e folletos na man* A entrada é de balde.

Alba e Duluth érguense estrañadas.

Lembren que a arte é patrimonio de todos. Tocas as obras de arte pode producir un deterioro irreparable. Axúdenos a conservarlas mantendo a distancia recomendada polos vixilantes ou marcada polos sinais. Para empezar, teñan coidado coa última peza, por favor, que é moi pequena.

DULUTH A paviña?

ALBA *Corrixíndoa* Cabicha! Dise cabicha.

Duluth pon a mochila ao lombo. Alba cala coma se non existise e mira sen entender cousa, observa a súa compañeira de reparto e colchón, os seus libros polo chan, os pitos consumidos, os cinceiros, a lata de galletas, as sabas, a botella de auga azul, a televisión, e se cadra algo máis aló unha secuencia de pedras redondeadas, irregulares, dunha cor gris plomiza como o mar e tamaño decrecente que ocupan o que semella o inmenso hall dun edificio. Observa tamén a parede, o Remuíño de Amor, de Mike Nedo, xa está escrito.

O garda de seguridade, cun traxe lila que lle vén grande, camisa branca e gravata vermella, administra tickets con eficiencia e dobra folletos da exposición que entrega aos visitantes (que non hai). Ás veces bota unha ollada a un

folleto e á obra exposta e divírtese moito, ata lle dá moita risa. Cando se ve descuberto ponse solemne, dobra un folleto da exposición, dobra outro da exposición permanente do museo. Loce nunha das mangas un gran escudo azul cunha vaca branca bordada no centro.

Agora arrinca un ticket, dóbrao, e entrégallo a Duluth, esgrimindo un sorriso falso como o seu uniforme. Logo fai o mesmo con Alba. Ofrécelles tamén unha inxente cantidade de papeis informativos que Alba acepta e Duluth rexeita coa mesma naturalidade e un evidente espírito ecolóxico. Duluth avanza cara ao fondo e o garda de seguridade descobre algo sospeitoso.

O GARDA DE SEGURIDADE ILEGAL Ei! Alto!

DULUTH Que?

O GARDA DE SEGURIDADE ILEGAL Pode amosarme o interior da mochila?

DULUTH Está vacía.

ALBA Baleira, cari.

O GARDA DE SEGURIDADE ILEGAL Vacía? E onde vai cunha mochila vacía? Ten que deixarme rexistrar a súa mochila ou deixala fóra.

DULUTH Teño aspecto de mentireira? É evidente que non desconfía da miña mochila, desconfía de min, non?

O GARDA DE SEGURIDADE ILEGAL Déixeme ver o que hai dentro da mochila. Ou terá que deixala fóra.

DULUTH Imposible. Non hai nada. Nada de que desconfiar. Coñece o concepto “presunción de inocencia”? *O outro segue cos ollos cravados na mochila, impasible. Moi ben. Mire!*

O GARDA DE SEGURIDADE ILEGAL *Comproba escrupulosamente os buratos todos da mochila e descubre con certa estupefacción que, efectivamente, está baleira, ou vacía, escoller vai en gustos. Perfecto.*

DULUTH Ve? Vacía!

O GARDA DE SEGURIDADE ILEGAL Pode pasar.

DULUTH Mentía? Contesteste!

Guinda a mochila ao chan, perigosamente cerca da paviña (ou cabicha).

O GARDA DE SEGURIDADE ILEGAL Teña coidado coa última peza.

Alba láia-se e recoloca a mochila con moito coidado fóra do ámbito iluminado da obra de arte da que ela e Duluth xa non forman parte.

DULUTH Non quere ver o que levo nos petos?

ALBA Bueno cari, estate tranquila, non montes un numerinho.

Ao fondo segue o director do museo, o vello da cadeira de rodas, acompañado pola súa esposa, ou a súa enfermeira, ou a súa asesora: unha muller vestida de negro ou de verde metálico dos pés á cabeza, tocada cunha pamela –a xogo cun gran bolso- digna das célebres carreiras de Ascott ou de calquera voda vulgar dos nosos días. Acompañaos outra muller que tamén contempla a escena con ollos que imitan aos da santiña do seu pobo, que morreu na fogueira por non entregarlle a súa flor ao párroco daquel tempo; a cambio foille recoñecida a beatitude dado o seu martirio terripilante. Pero non perdamos o fio. Esa muller, ultratemporánea de aspecto por certo, vestida cun trazo estilo Mondrian ou Matisse, ou é Kandinsky?, -ese artista das liñas rectas e as cores básicas-, é a funcionaria titulada, asesora da asesora do director ou do director mesmo. Duluth comeza a sacar dos petos paquetes de clínex, tampóns, catro ou cinco, -“é que teño moito fluxo”, escúsase- tabaco, chisqueiros, a gravadora, cintas, e vaino metendo todo nos petos de volta despois de amosarllo ó garda de seguridade e amorealo sobre o mostrador da entrada, ou no chan. Vai recoller a mochila que Alba lle entrega e tropeza coa paviña solitaria no chan.

O GARDA DE SEGURIDADE ILEGAL Teña coidado coa última peza!

DULUTH Xa mo dixeches! Estou farta de que me repitan sempre o mesmo, de que me paren, de que me cacheen, de que me interroguen: en San Caetano, no aeroporto, no fútbol, no Parlamento, nos concertos. Farta de que me metan a man na cona! Farta de que calquera me convirta nunha sospeitosa! Unha pluriempregada de museo, por exemplo!

O GARDA DE SEGURIDADE ILEGAL Fale baixiño.

DULUTH Vostede en que convenio colectivo se engloba? Bedel, segurata? Podo meterlle un puro, solicitar unha inspección, dase conta? Son periodista.

ALBA Bueno cari, se te pos así eu marcho. Espero na cafetería. *Efectivamente, sae.*

O GARDA DE SEGURIDADE O pluriemprego ten a súa explicación: a recepcionista está de moscoso.

DULUTH Por que? Explíqueme. Por que?

O GARDA DE SEGURIDADE ILEGAL Pediu o día. Asuntos propios! Que quere que eu lle diga?

DULUTH Non queres que me quite a cazadora? *Faino, guíndaa para o chan.* Podo non ter brazos e levar misiles ocultos. Ou unha bomba nos zapatos. Ou en cada teta *Esgrímeas como armas de destrucción masiva*

O GARDA DE SEGURIDADE ILEGAL Por favor, eu cumpo co meu deber.

DULUTH Que pasa? É a catedral isto, ou? Non che gusta como veño vestida? Impórtame un carallo a seguridade, a min non me violaron...

O GARDA DE SEGURIDADE ILEGAL Ai, déixeme tocar madeira...

Busca madeira que tocar e descubre que non hai, só a caixa da herba no centro da cama; forma parte da obra de arte, así que a contempla impotente dende o borde da luz, pero, facendo un estraño equilibrio sobre un pé, acaba por tentar tocala sen mover mais nada da composición artística.

DULUTH *Que descubriu de súpeto que ninguén a escoita –bueno, si, dúas ou tres persoas ao fondo ás que aínda non descubriu–. Persigue a pé ou coa mirada a garda de seguri-*

dade ...nin me roubaron, nin me pegaron un tiro, nin me puxeron unha bomba debaixo do coche. Nunca! Estoume poñendo tensa. Cando falas de certas cousas notas como a xente se pon tensa. Bomba! Mete medo, eh? E encho páxinas arredor do asunto. Porque pagan. Supoño que tamén lle toco as tetas a uns cuantos. Creo que en xeral nos pagan por tocarlle as tetas a alguén, sabe?

Empeza a entrarlle a risa, en principio non se sabe se é unha tos ou un pranto, pero acaba sendo unha longa gargallada que acaba con ela e a garda de seguridade chorando por motivos ben distintos.

Desculpe. Ás veces non podo controlarme. Sei que no fondo vostede é unha vítima máis, coma min, unha vítima e un verdugo: Eros e tánatos, o yin e o yan, gato negro gato branco, o todo e a nada. Entende? Pero...

A artista da xiringa, que arrastra o xudeu na súa cadeira de rodas berra e aplaude, e con ela a funcionaria titulada, arrubiada de emoción e de vergoña. Duluth comeza a vestirse de novo.

- A ARTISTA DA XIRINGA Marabilloso! Moi contemporáneo!
- A FUNCIONARIA TITULADA Magnífico!
- A ARTISTA DA XIRINGA Podería repetilo? Introducindo algunha variación no discurso, falando máis de conceptos filosóficos ou artísticos, que de realidades mediáticas. Enténdame ben, é unha cuestión...
- A FUNCIONARIA TITULADA Rítmica.
- A ARTISTA DA XIRINGA Rítmica. Unha cuestión rítmica. Eu deixaría como único texto o “perooo”. Tiña... como música. Moi contemporáneo! De feito sucedeu ao mesmo tempo que nós escoitabamos, a que si, amor? Encantoulle, non crea! É moi sensible, é un artista! En serio! Podería repetilo? Pagarémolle coma se fose de fóra. Se lle parece que non vai ser quen, témolo gravado nas cámaras de seguridade do museo.

Sinálaas, todos miran a unha delas, incluída a garda de seguridade, que se achega a apercibir á súa xefa.

Advírtollo, amiguiña. Non diga que non. *Á garda de seguridade: Que? A Duluth: Pode levantarse unha boa pasta! Se non, levantáremola nós sós, vai ser unha bomba! Ha, ha. A que si, amor? Enténdeme?*

DULUTH Perfectamente. O que me di. O que quere dicirme non, a verdade... non sei moi ben.

O GARDA DE SEGURIDADE ILEGAL *Fálalle á artista da xiranga, que acaba arrastrándoo a el cara ao fondo do escenario. A funcionaria titulada, en vista do cariz que toman os acontecementos, entretén a Duluth ofrecéndolle a súa man e unha reverencia de admiradora letrada. Permítame recordarlle, é a miña obriga, que non está permitido ningún tipo de gravación sonora ou visual en ningún soporte dixital, magnét...*

A ARTISTA DA XIRINGA Gracias, cielo. Permíteme que che eu recorde que o teu contrato é eventual e que hai certos asuntos arredor dos teus papeis de entrada no país que non están demasiado claros.

Hjerbert Bönn berra e a artista da xiranga corre a taparlle a boca co primeiro que saca do bolso, casualmente un billete de quiñentos euros. A garda de seguridade chora un anaco e mira o reloxo, asústase, colle un sándwich e unha lata de cocacolalaisencaféina do mostradoriño e sae correndo cara á cafetería.

Falou! Ás veces faino, pero non lle dura moito. A que non, amor?

Duluth, farta de que a funcionaria non deixe de mirala, saca o DNI e o carné de prensa e ponos na boca, as mans na caluga.

DULUTH Son periodista, poden comprobalo.

A ARTISTA DA XIRINGA Como di?

A FUNCIONARIA TITULADA e DULUTH Periodista!

A ARTISTA DA XIRINGA Vén á roda de prensa? Periodista... Ten acreditación? *Ri, non se sabe se falsa ou estupidamente.* Non fai falta, pode entrar, libremente. Absoluta liberdade, claro. O da igualdade e a fraternidade aínda se está negociando. El é o director do museo e autor da obra que se incorpora hoxe á nosa colección: “A esencia da ausencia”. Eu son a súa asesora artística. E ela, á súa vez, é a miña asesora, que a vai acompañar á sala de prensa. Acompañaa, por favor.

Colle a silla de rodas e a arrástraa cara á entrada da cafetaría. Antes de entrar detense e remexe no bolso, mira arredor e espera desexando que a funcionaria remate o seu parlamento.

A FUNCIONARIA TITULADA *Camiñando con Duluth cara a outra esquina* Moi intenso, moi sabio no fondo. Podo facerlle un comentario? Amosa unha gran pureza de espírito e un carácter estrañamente... salvífico.

DULUTH Perdón?

Saca a gravadora e a funcionaria repite

A FUNCIONARIA TITULADA Salvífico!

DULUTH Gracias

A FUNCIONARIA TITULADA Escasa. Non pense que quero ofendela. Refírome á incidencia de caracteres coma o seu na nosa sociedade. Sexa vostede benvida a este templo da cultura do século vinte e un, a este templo da nosa civilización.

A ARTISTA DA XIRINGA *Vista a riqueza argumental da asesora decide interrumpila* Adeus, adeus. *Á funcionaria titulada.* “Acompañaa”, creo que dixeran. Non “adoutrinaa”, nin nada semellante. *As outras dúas saen. Ela fálalle ó home da silla.* Ai, amor, que pesadiño es. Na casa, ou no despacho, fai todos os ruídos que queiras, pero en público, por favor, mantente inactivo. Se non, non che deixarei lamber esa cousiña nunca nunca máis. E a que non queres iso?, a que non, amor? *Inxéctalle no brazo un líquido morado coma un Binladen e faise o escuro, ou non.*

HJERBERT BÖNN

Tomado de O libro do desasossego de Fernando Pessoa:

Hoxe espertei moi cedo, nun repente embarullado, baixo o estrangulamento dun tedio incomprensible. Ningún soño o provocara, ningunha realidade podería telo feito. Era un tedio absoluto e completo, pero fundado en algo. No fondo escuro da miña alma, invisibles forzas descoñecidas trababan unha batalla na que o meu ser era o chan, e todo eu tremía co embate descoñecido. Unha náusea física da vida enteira naceu co meu espertar. Un horror a ter que vivir ergueuse comigo. Todo me pareceu oco e tiveron a impresión fría de que non hai solución para ningún problema.

ANAVISSÁ DUEHTIJAUAR. DEBILINSKIA
UTEPOLIMDRÓKULI

Na cafetaría. Alba senta nunha cadeira e procura non escoitar os berros que Duluth pega fóra. Pouco despois entra Nefertiti e diríxese a ela.

NEFERTITI INSOMNE Podo sentar aquí, para dialogar un pouco?

ALBA Si, claro.

NEFERTITI INSOMNE Gracias. Faga o favor de non dirixirme a palabra. Odio as charlas superficiais e teño cinco minutos. Enténdeme?

ALBA Si, claro.

NEFERTITI INSOMNE Lástima! Mire. Sei que isto vai parecer de risa ou para chorar, pero non, quédase no de sempre: no xusto e soporífero medio. Un monólogo máis. Non ten por que escoitarme, claro, eu tampouco a escoitaría a vostede se falase, pero non fale. Seguro que ten moito tempo. Eu non. Fáltanme cinco minutinhos de nada para empezar a traballar, así que non me fale. Tócame a min. Sabe o que é estar calado tantas horas, sentado nunha cama, sen poder expresarse con palabras? É moi duro. Non llo desexo a ninguén. Bueno, si, en realidade deséxollo a moita xente, (*vólvese para mirar se o escoitan*) pero é un xeito de dicir outra cousa, vostede xa me entende. As palabras son moi boas para iso. Para darlle sentidos diferentes dos que teñen e rir moito. Pero non é para o que están. Como case todo. Penso –ás veces fágoo, aínda que non convén abusar– que o único intento sabio do home é a invención da palabra. Pero cultívase e úsase pouco e mal. E o sexo tamén é bo. E ten a vantaxe de que se pode dicir del exactamente o mesmo, por aforrarnos palabras. Niso consiste a educación: un longo proceso que tende a convencernos de que o mellor que pode facerse é aforrar palabras, calar, é un bo sinónimo ao tempo que un hábil resumen: calar.

E non é para iso para o que estou eu aquí. Non entende nada, tranquila, o que quero é... transmitirlle a miña dor. Traballo aquí, son da exposición permanente, a obra máis valiosa. A máis visitada. Nefertiti insomne. Si, son artista.

ALBA Si?

Saca a cámara e fotografía a Nefertiti.

NEFERTITI INSOMNE Non sei si se nota. Agora van poñer unha obra nova a facerme a competencia. A esencia da ausencia. En realidade non é nada, pero vai aparecer xente falando dela en todos os periódicos, revistas, na radio, en Internet, na tele. Contáronmo. Aquí temos prohibido ler. Home, prohibido non é a palabra, pero ninguén le, non é *cool*. O que máis eu, cando traballo, e sempre o mesmo libro. Por un lado moi ben, o da nada esa en exposición, porque ha de vir moita xente e de rebote caeranme uns cuantos, e eu, claro, eu son artista, necesito o calor do público, pero por outro... *Alba fai o aquel de falar* Non, non fai falta que conteste, de feito prefiro que non conteste, por favor! Teño envexa. Si. Celos. E non é cousa de auto-destruírse, eu leo a Paulo Coelho! E en portugués, coitado! Onte escoitei no traballo que en non sei onde...

Aparece o garda de seguridade ilegal pola porta, correndo cun sándwich mixto nun prato e unha lata de CocaCola Light na outra. Nefertiti cala, ou cambia de tema.

O GARDA DE SEGURIDADE ILEGAL *Sérvelle a Nefertiti na mesa.*

Un sándwich mixto e unha CocaCola Light sen cafeína.

NEFERTITI E ti aquí?

O GARDA DE SEGURIDADE ILEGAL O camareiro. Ten un día por asuntos propios. *Á orella.* Creo que tamén é cuestión de presuposto.

Marcha para detrás da barra

NEFERTITI *Agora fala e come e bebe sen deixar de facer ningunha das tres cousas.* Ah. O que lle dicía. Escoitei que, non sei onde, meteuse un tipo cargado de bombas nunha

cafetaría e empezou a matar xente a tiros porque non foi quen de facerse estoupar, logo tirou dúas granadas, acoi-telou a varios e entón chegou a policía e fixo todo o tra-ballo coma bos profesionais que son. Mataron ao tipo e a quince ou vinte clientes aínda que eran do seu bando, e logo o exército atentou...

ALBA Atacou. Perdoe a interrupción pero por aí non paso, as accións do exército son ataques, non atentados. Códigos de estilo. Sabe o que é iso? Ninguén o sabe, pero están aí para algo. É de manual. Hai que foderse. Con perdón.

NEFERTITI INSOMNE Iso. O exército atacou, como resposta ao asaltante da cafetaría, unha aldea dos do outro bando, empezou a tirar mísiles contra os veciños do tipo e os sol-dados xogáronse aos dados entre eles a unhas rapaciñas. Claro, eu, visto isto, digo: pois non se está tan mal aquí. E estou farto de comer sándwich mixto, de beber cocacola-laisincaféina e de escoitar estupideces. Entra no contrato, pero é moi duro. E ademais agora co asunto das bombas, nin na cafetaría estou tranquilo. Todo o día aquí metido, porque claro, non hai convenio. Os artistas de performan-ce full-time non temos convenio, por increíble que pareza. Performance-full-time, todo-o-día-traballando, para en-tendernos. Claro. Teño que entender que eu son a orixe dun novo concepto artístico, aquí onde me ve. A miña vida é arte. A miña vida é arte! Pero como me gustaría marchar e probar a cantar en francés, ou a ser Marlene Dietrich. *Bota unha canción de O Anxo Azul, uns versños nada máis, desa de Lili Marlen ou doutra peor, en correcto alemán de emigrante de Adina.* Ou a poñerlle nomes aos nenos. Escoitei que é moi perxudicial para os cativos que o nome remate coas mesmas letras coas que empeza o apelido. Carlos Losada, por exemplo. En cambio é moi bo para o que se bautiza un nome que empece cos mesmos sons cos que comeza o apelido. Como Rubén Ruibal. Ou ser cabalo, si, gustaríame ser cabalo. Un cabalo iluminado. Ou un libro de texto, que dura máis. É que das persoas non pode un fiarse. Ou son uns cabróns ou mórrrenseche

en menos de nada. Non te fíes nin de min, xa mo dicía meu pai. E dos libros de texto tampouco, claro. Eu, é que faría perfectamente como os cabalos, pensaría incluso como un cabalo. *Rincha e coucea*. Pero o xudeu, o dire, contratoume para facer de Nefertiti insomne, mira ti. Estamos condenados a non entendernos e a non valorarnos como debemos. Porque eu sei idiomas, estou preparado: Anavissá duehtijauar. Deblinskia utepolimdrókuli. Non, non é grego. Quere un pouco de inglés? Ou! Lisboa! Lisboa is a beautiful place. Oporto. Oporto is a love parade. I'm from Navarra. E italiano. Placida notte e verecondo raggio della cadente luna... Dígame a min se non é para cabrearse que me traian a estas alturas competencia desleal. A min! Cando o xudeu me chamou para traballar por primeira vez, ofreceume vintecinco mil pesetas por facerlle unha felación; unha mamada, para entendernos. Pois sabe que lle dixen eu? Nin de coña, díxenlle, vostede sabe o que é a competencia desleal? Diso nada! Eu non vou facer competencia desleal! Por vintecinco mil pesetas, un completo! Xa non queda moita xente así. No fondo son un romántico. *Mira ao garda de seguridade*. Outros tragarón!

Entra a artista da xiringa con Hjerbert Bönn arrastrado e afundido, Nefertiti cala de súpeto, Alba observa pero non se atreve a fotografar.

A ARTISTA DA XIRINGA *Á garda de seguridade* Un caféño? Si. Un café. Rapidito, non vai ser todo cobrar a fin de mes. E unha palliña? E unha palliña!

A GARDA DE SEGURIDADE *Sen deixar de abrillantar vasos* Literal ou metafórica? Manual ou oral? Agora ou despois?

A ARTISTA DA XIRINGA Tanto ten, despois! Oral, gracias. *Mirando arredor seu*. Esta cafetaría non é nada contemporánea. Xa me dirás ti. Imos ter que pedir unha partida orzamentaria para reformala de arriba a abaixo. E reservar o dereito de admisión. Se ves xente así, inapropiada, distráechete dos cadros e das esculturas e das performances,

non me digas. *Saúda a Nefertiti insomne que cumpre ao segundo o seu horario por contrato, como pode comprobar no seu reloxo, e aínda non lle toca traballar. Logo fálalle ao xudeu na orela: Tranquilo, non falo del, xa cho prometín, aí segue. Falo da vella aquela que calceta. Señala e describe a alguén de entre os espectadores.* Unha cousa é que sexa un edificio público e outra, que deixemos entrar a calquera que veña a chamar a atención.

Entra Duluth, que vén recoller a Alba coa incredulidade marcada no rostro

DULUTH Estás perdoada. *Bícaa funcionalmente.* Teño que confesarte algo: acabo de descubrir que sempre hai xente aínda máis estúpida e máis pesada que a túa parella.

ALBA Niso consiste o amor.

Alba quedou cos morritos postos para un bico máis longo do que recibiu, Nefertiti insomne ergueuse indignado e marchou sen sequera saudar á artista da xiringa, que sae inmediatamente atrás del despois de poñer o café moi quentiño entre as pernas do xudeu.

NEFERTITI INSOMNE Vaia! Cheira a tortilla! Sinto ter confiado en vostede. Bolleras!

ALBA *Mirándoo marchar* Rompeume a cabeza. Empeza a preocuparme a tendencia ao monólogo tan acusada que temos neste país. *Escóitase un asubío desde fóra e a garda de seguridade sae apurada facendo reverencias antes de chegar á porta.* Non entendo nada.

DULUTH Tampouco eu, pero imos. Hai unha roda de prensa, polo visto.

ALBA Non me apetece traballar.

DULUTH E teño fame.

ALBA E?

DULUTH Seguro que hai pinchos. É unha presentación dunha obra. Sempre hai comida. Sei de xente que sobrevive asistindo a presentacións. De libros, de obras de arte, de metros de autopista de peaxe...

ALBA Antes déixasme que te leve aos baños, para reconciliarnos?

DULUTH *Cóllea da man e arrástraa fóra da cafetaría. Non!*

AS PREGUNTAS DEIXÁMOLAS PARA O FINAL

De fondo Meredith Monk: 'The Tale'. A funcionaria titulada a carón da pantalla de seguridade agarda impaciente cargada de papeis. Mira o reloxo, intenta pensar pero non lle sae, remata cravando un dedo no nariz con perigo evidente dun derrame de materia gris.

A FUNCIONARIA TITULADA Como é posible que sendo tan lista, ás veces me guste tanto unha parvada calquera que non podo entender por que me gusta? É incoerente. Que fago aquí, simulando mirar os meus dedos unidos polas xemas con este xesto feliz na cara que non parece a miña?

Entra Nefertiti cabreado mirando o reloxo e métese na cama, pouco despois aparece a artista da xiringa arras-trando o xudeu que trae un café entre as pernas, obriga a levantarse a Nefertiti e achégase á porta da cafetería para chamar cun asubío ao garda de seguridade, que aparece rapidísimo facendo reverencias submisas en plan ministro de exteriores diante do Emperador.

A funcionaria dálle uns papeis á artista da insulina -son os que logo lerá, agora nin os mira- e vai recoller gabardinas, sombreiros, alcachofas e cámaras de fotos por algunha sala do museo. Cando volve, a artista da xiringa repárteos entre os traballadores do museo. Antes de que acabe, aparecen Alba e Duluth, agarradas da man, Duluth diante e Alba resistíndose. A funcionaria vainas recibir e entrégalle un folleto da exposición.

A FUNCIONARIA TITULADA Moitas gracias por vir.

De fondo segue 'The Tale', de Meredith Monk. Cando acaba, sexa cando sexa:

DULUTH Ai, por fin!

Volve 'The Tale', de Meredith Monk. Duluth bota un bafó negro longo e sonoro e vello. Saca a gravadora, rebobina un pouco e comproba en que punto está a cinta. "Salvífica", escoita. Todos os empregados levan xa posta a gabardina, parecen periodistas de banda deseñada ou cine clásico e móvense a un tempo como un único corpo de escolopendra con brazos

ALBA Graváchela?

DULUTH Si.

ALBA Por que non me gravas a min...

DULUTH *Consultando o folleto:* E Nefertiti insomne tamén é súa!

ALBA Que é Nefertiti insomne?

DULUTH A cama co tipo dentro. Aquí vén a foto.

ALBA Ah, si, ao tipo coñecino na cafetaría. Pero iso é a nosa cama!

DULUTH Vese que si. Polo menos é igualiña.

ALBA Non entendo nada. Nada de nada.

DULUTH Nin falta que fai. O que está claro que ese paralítico non pode...

ALBA Non lle chames paralítico. Pode pasarche a ti.

DULUTH Cando me pase non me vai importar que me chames paralítico.

ALBA Vaiche castigar deus!, cala!

DULUTH Esa persoa, con, digamos, unha leve minusvalía física e probablemente mental, non pode facer nada considerable "artístico", na miña humilde opinión, claro. A primeira vista. É un prexuízo. De acordo así?

ALBA Si pero con peros.

DULUTH Apúntaste a un traballo de periodismo de investigación?

ALBA Si. Que ilu!

DULUTH Hai que intentar falar con el.

ALBA As dúas?

DULUTH Calquera. Sacarlle algo en limpo.

ALBA Moderno periodismo de investigación, a miña especialidade, saquei un cinco! Será certo que estivo nun campo de concentración?

DULUTH Quen cho dixo?

ALBA Ninguén mo dixo, eu sei tanto dese tipo coma ti, ou sexa, nada, pero fai falta que mo dixera alguén? E se estivo? Sería un notición!

DULUTH Que fácil é ser gracioso.

ALBA Agora que dixen?

DULUTH Nada. E das risa. Ves que fácil? Pareces Florinda Campoamor.

ALBA Nin me fales desa lurpia da competencia! *Pégaselle a Duluth de novo porque ve pasar a funcionaria titulada cargada de libros.* Por que a gravaches?

DULUTH A quen?

ALBA A esa.

DULUTH Encántame escoitar moitas veces as mesmas estupideces pero sen ser sempre na tele ou na radio. Estupideces, digamos, máis propias, máis cercanas.

ALBA *Agarimando a Duluth.* Pois comigo xa vas servida, non?

DULUTH Saca de aí. Hai xente.

ALBA E que?

DULUTH Saca de aí. A traballar.

O CORO DE PERIODISTAS Iso, iso! A traballar! *Rodean á artista da xeringa e comezan a facerlle preguntas.*

A FUNCIONARIA TITULADA É certo que pensan ter fillos?

A GARDA DE SEGURIDADE ILEGAL Vai casar de branco?

NEFERTITI INSOMNE Canto vai cobrar por temporada?

A ARTISTA DA XIRINGA Por favor, as preguntas deixámolos para o final. Empezamos en cinco minutos.

OS PERIODISTAS Ahá!

A FUNCIONARIA TITULADA Gracias!

A GARDA DE SEGURIDADE ILEGAL Disculpi!

NEFERTITI INSOMNE Perdóneu! Desculpe! Excusez-moi, sorry!

Duluth afasta a Alba cando ve que se lle achega a artista da xiringa. Alba aproveita e vai falar co xudeu. Primeiro parece que lle fala, logo vémolala xesticulando, primeiro coa cabeza fai si e non, logo chíscalle un ollo ao xudeu, agarímao, chíscalle o outro ollo, logo chíscalle os dous, acaba facendo xestos cos dedos.

A ARTISTA DA XIRINGA Péñseo: unha parte de xestos e outra de humor, sen entrar en críticas que podan incomodar ao espectador, e solucionado. Un exitazo, de verdade.

DULUTH Son periodista. Non un pallaso.

Hjerbert Bönn rosma lenemente, Alba asústase.

A ARTISTA DA XIRINGA Outra vez! É que non soporta que se lle falte ao respecto aos pallasos. Xa antes da primeira guerra traballou nun circo checo, imaxínese. Coñeceu a Kafka e todo! Anímese. Aquí estivo moita xente: Howard Kiles, o pintor, sabes? expoñendo unha mostra de fotografía. É moi bo. Tivemos tamén unha de escultura de Joey Hudson, o sobriño do, como se chama este conselleiro que ten así a cara. *Pon cara de peixe lúa.*

DULUTH Un calquera, tanto ten.

A ARTISTA DA XIRINGA Qué divertido é ese rapaz. Outra dun... que non sei se é subsecretario, ou director de teatro, unha cousa moi rara, e que fai maragatos, dise así?, nas reunións oficiais, sabes? Ten cousas moi boas!, desas que pintas neses momentos máxicos entre a vixilia e o sono, sabes? que evocan a realidade con decisión salvífica.

DULUTH Por Deus! Outra vez? Pode repetir?

A ARTISTA DA XIRINGA Salvífica?

DULUTH Correcto, gracias.

A ARTISTA DA XIRINGA E aquí temos... (*sinála o cadro do fondo*) non sei como se chama. Estivo exposta no Guggenheim. Case nada. Cinco horas!

A FUNCIONARIA TITULADA Amodiozko Ziriflipa, Remuíño de Amor, de Mike Nedo. Imos ter o seu vídeo. Non o coñece?

Duluth nega cun xesto.

Normal. A militancia nas vangardas artísticas require un esforzo. Sabia frase. Tamén é súa. De Mike. Mike Nedo. Coñézoo persoalmente. Encantaríalle a súa performance de antes. De verdade, había ben tempo que unha performance, vaia, un suceso indefinible como o que protagonizou non me producía unha sensación tan fonda. Impresionoume, fíxome, non chorar, pero case. Unha especie de nirvana, percibín perfectamente o seu estado de ánimo nese xeito de entrar, esa elegancia palmípeda, ese xeito de emocionar sen emocionar, esa forza. Relembroume vagamente á exposición do noso director Hjerbert Bönn neste mesmo...

DULUTH Veño a unha roda de prensa, vale? Déixenme en paz.

A ARTISTA DA XIRINGA É a súa resposta definitiva?

DULUTH Si.

A ARTISTA DA XIRINGA Ben. Pois... A traballar! (*Os periodistas rodéana facendo fotos.*)

A FUNCIONARIA TITULADA Segue sen ter unha relación sentimental estable?

A GARDA DE SEGURIDADE ILEGAL Son certos os rumores que a relacionan con Súper Piñeiro?

NEFERTITI INSOMNE Séntese perxudicada polas actuacións arbitrais?

A ARTISTA DA XIRINGA Por favor, as preguntas deixámolas para o final... Vou rapidiño coa presentación da exposición e logo falamos do que queirades, nos pinchitos.

DULUTH Non vai vir ningún medio mais?

A ARTISTA DA XIRINGA Medios non, esperamos que veñan enteiros, haha.

Todos rin, menos Duluth.

Temos aquí xa varias revistas e periódicos especializados.

DULUTH Varias? Son tres.

ALBA *Que se uniu aos periodistas.* Catro!, contigo cinco.

OS PERIODISTAS *A Duluth* Pero somos de axencias, lista!

ALBA Non fixeron ningún folleto nin nada? Aforra moito traballo.

A ARTISTA DA XIRINGA Por suposto! *Duluth amósalle o que ela ten e Alba achégase.* Incluso editamos un libro. Cando acabemos a roda de prensa entregáremoslle un exemplar. Pero hai que portarse ben, haha.

Todos volven rir, excepto Duluth, claro, que lle da un cobadazo a Alba por secundar a estupidez medioambiental.

Teño... Temos o orgullo de convidalos á presentación da última adquisición do noso museo. Trátase dunha obra dun artista moi representativo da nosa cultura e ao mesmo tempo un dos impulsores da arte contemporánea no noso país, a perfecta fusión de tradición e modernidade. El é, ademais, casualmente, o noso director e o artista con maior número de obras na colección permanente do noso museo: o magnífico artista multimedia Hjerbert Bönn.

Todos aplauden e rodean ao xudeu, ao que alguén transporta desde o fondo, con mostras de agarimo e babeos admirativos; volverán facelo, ben adestradiños, cada vez que escoiten o nome do artista total. A artista da insulina comeza a ler nos papeis que antes lle entregou a funcionaria titulada, que recita para si o que a outra le e case ata a corrixe cando a outra non le como ela o faría. Todos atenden, pero aos poucos vanse distraendo. Duluth bebe, Alba busca no espello un sorriso esplendoroso e limpo, Nefertiti ráñase onde lle peta, alguén durme e cabecea. Só a funcionaria escoita e de memoria repite cos beizos silenciosos as palabras da artista da xiringa, e Duluth durante uns segundos tamén atende sorprendida, lendo no papel o que escoita pola orella.

A ARTISTA DA XIRINGA Hjerbert Bonn é un artista de sobra coñecido, con proxección internacional, que, antes de expoñer aquí estivo en Cincinatti, Johannesburgo, Ouagadougou, Tegucigalpa e varias capitais de máis de catro

sílabas todas elas curiosamente. *Crávalle os ollos á funcionaria titulada.* Esta exposición –aínda que a palabra, como adoita ser habitual cando se aplica ás verdadeiras obras de arte, non lle senta ben ao concepto que a orixina–, é unha intervención na realidade exenta do ánimo de manipular, unha creación carregada de inocencia que nós queremos dar a coñecer incidindo sobre todo na difusión simple da súa existencia carente do máis mínimo interese. Na repetición está o éxito. *Pasa páxina.* Na repetición está o éxito. *Comproba que a repetición aparece no texto e está a piques de repetila por terceira vez cando le case sen se decatar a seguinte frase que explica o entorto –máis ou menos.* Prediquemos co exemplo. Cremos que ese é o camiño para xerar verdadeira cultura: non involucrar, non dirixir; debe ser o pobo, cada cidadán –e cando digo cidadán aludo á etimoloxía romana da palabra– debe ser o pobo, dicía, o que decida e cree. Esa é a esencia. Queremos crear o desexo, crear a necesidade, porque iso é o que a xente necesita: necesitar cultura.

DULUTH Se vai seguir lendo no folleto xa pode parar. Sabemos ler todos.

O GARDA DE SEGURIDADE *Disfrazado de xornalista, lembremos* Eu en galego teño dificultades pero, claro, tanto ten, este non é o meu papel.

NEFERTITI INSOMNE *Ler a didascalía anterior* Nin este o meu, no te jode!

DULUTH Por min non é necesario que siga. Farei o que eles: reproducirei integramente o papelucho que acaban de entregarnos. Páxina completa e foto. Onde están as fotos?

A ARTISTA DA XIRINGA Foto?

A FUNCIONARIA TITULADA Os canapés! Existen os canapés!

A ARTISTA DA XIRINGA Os canapés, o viño! Unha revelación! Hala a comer, que paga Cultura! Perdón! Este texto estaba corrixido. Hala, a comer, que é de balde!

Todos se lanzan aos canapés que a funcionaria foi recoller antes de sacar o teléfono e chamar. Soa outro móbil, é o da

artista da xiringa, a melodía é “Xuntos máis lonxe”, Juan Pardo. Duluth aínda non deixou de observa-la.

Ai, o teléfono. Desculpádeme. Pois vou aproveitar para facer un monólogo, que caramba! *Ao público* Non entenden nada. Non? Pois os que queiran poden saír pola porta, supoñemos que non interferirá de xeito decisivo na calidade do espectáculo, aínda que supoño que si no espírito de cote optimista e alegre dos integrantes deste grupo, desta troupe de teatro.

Abre a porta da rúa, ou sinálaa se non lle queda a man, e bérralle a algún espectador que quere fuxir “Senta aí, cagón”. Logo sigue falando polo teléfono.

Si? Non, non estou. Veña, para ti si, por ser quen es, ha, ha. Reformas? Si. Unha planta máis. Si. ¡Para arriba! Non sei cal é o presuposto e agora o director non pode informarme, está indisposto. Motivo? Un tanto por cento. Ah! *Rosmando* Pois porque é paralítico cerebral ou algo peor, por qué vai ser. Compras? A última noticia que teño é que os 30 gramos de merda en bote de Piero Manzoni, si, sabes?, custan 30.000 euros. Cinco millóns, vaia. Si, home, si!, a firma é a firma, pero podemos buscar alguén aquí que cague con puntería, pagámoslle a metade e asunto arraxado. Xa teño varios candidatos, pero unha moi especial, con *feeling*, sabes? O mesmo fixemos coa cama do hall e ninguén se enterou. O plaxio sae baratísimo!

Á funcionaria titulada, que vén dicirle que fale máis baixo, ou doutra cousa, porque Duluth non deixa de escoitala

A ver se aprendes a escribir!

Outra vez ó teléfono.

Non! A esa hora non podo. Ás doce teño reunión co secretario do conselleiro. Non! Ás trece teño que recibir a un colectivo de artistas visuais invidentes ou xordos ou algo así. Pola tarde? A tarde téñoa toda ocupada. Primeiro unha inauguración dunha galería e despois a reunión da directiva da fundación, non, non! eu non estou, pero a

ver se falta alguén e me enchufan a min dunha... dunha vez. Outro día... Esta semana... Esta semana téñoa toda ocupada menos domingo. Domingo? Si, se non hai outro remedio... Vale. Ás dez da mañá!? Ben. O domingo ás dez da mañá. Moi ben. Si.

Colga

Hai que joderse coas vantaxes da emancipación feminina.

Á funcionaria

E ti a ver se aprendes a escribir!

Ao xudeu

E ti tamén, cari, que seica lle temos a cabeza feita un lío a todos estes.

O xudeu vomita.

HJERBERT BÖNN

Tomado de O libro do desasossego de Fernando Pessoa

Hai porcos aos que repugna a súa propia porquería, pero non se alonxan dela por ese mesmo extremo dun sentimento polo que un empavorecido non se afasta do perigo. Hai porcos do destino, coma min, que non se apartan da trivialidade cotiá por esa mesma atracción da propia impotencia. Son aves fascinadas pola ausencia de serpe; moscas que voan polos troncos sen ver nada até que chegan ao alcance viscoso da lingua do camaleón.

Ao tempo deste monólogo todos fican quedos con bebidas e comidas na man, ou van desfacéndose en alcol, Duluth ergue a cabeza, e vomita cando Hjerbert Bönn remata. Seguen nos pinchitos da roda de prensa, pero as botellas e as bandexas están vacías –ou baleiras, hai a quen lle gusta máis-. Duluth ten o libro da exposición na man e ábreo e péchao incrédula, pasa páxinas para adiante e para atrás, está evidentemente bébeda, como case todos, fala a berros pero só Alba lle presta atención, os demais comen e beben e conversan de fútbol, corazón de verán-outono-inverno e Curro Romero.

DULUTH *Limpendo os fociños coa manga da chaqueta:* Isto é un timo. Un timo salchichero. Unha de morro. É todo letra! Non hai foto da obra. Todo rolo. Non hai nada.

ALBA Que escándalo. Eu imaxino o Lecturas así e dáme un chungo, tía.

DULUTH Seguro que nin hai obra. Acompáñame.

ALBA Onde?

DULUTH Acepto a túa oferta. Aos baños. A que nunca botaches un nun museo?

ALBA Non, ti si? Ti si?!

DULUTH A ti que che importa?

ALBA Si? Céntame, céntame... Ves que sorte ser lesbianas? Porque así podemos entrar no mesmo baño sen que ninguén...

DULUTH Cala!

Amable ata o extremo vaille dicir adeus á funcionaria titulada e da artista da xiringa.

Nós marchamos. Moitas gracias por todo.

A ARTISTA DA XIRINGA Non vai reflexionar sobre a oferta que lle fixemos? Sen présa. Pode ser un búm.

DULUTH Non. O meu traballo é outro. Gracias.

ALBA Grazas!

A ARTISTA DA XIRINGA Nada, nada. Ata outra ocasión. Non nos deixa un teléfono de contacto?

DULUTH Estamos no camerino até a próxima escena.

Duluth sae apoiada en Alba, todos as despiden pero non deixan de observalas ata que desaparecen pola porta.

A ARTISTA DA XIRINGA Isto é un timo. Un timo salchichero. Esa foca quere traernos problemas. *Á funcionaria.* A xente quere ver, tocar, oír, quere chicha, subnormal! Lucícheste! Ai, se por min fose, eu si que facía arte. Pero non podo pagarme. Demasiado ilegal. Quen me vería, de artista, baixando por unhas escaleiras, rodeada de machotes cachas, bailando e cantando, como Norma Duval.

NEFERTITI INSOMNE Que artista marabillosa!

A ARTISTA DA XIRINGA E ter un programa na tele, como Bárbara Rei pero sen necesidade de chuparlla a ninguén, pero... Tocoume este personaxe plano e insulso, que lle vou facer.

O GARDA DE SEGURIDADE ILEGAL Pois anda que o meu!

A ARTISTA DA XIRINGA *Polo xudeu, ao que pega un capón que o fai caer da silla.* Unha tamén quereda ser artista, pero non ten ideas. Non ten ideas. E mírao a el. Todo o día parindo, como quen di, en soños pero parindo. Qué papel protagónico desaproveitado. Canto mellor non sería verme a min rodeada de nazis, altos, guapos, loiros, cos seus uniformes grises, as súas gorras de prato e botas de caña negra, o seu aspecto de xenerais, dende os oficiais de alto rango ata os soldados máis chusqueros, guapos, guapísimos, e eu no medio, (*Canta e todos con ela bailan e corean ata caer con estrépito acrobático*) “tomorrow belongs, tomorrow belongs, tomorrow belongs to meeeeeee!!!! Pero non dou para mais, claro. E aínda por riba con estes coros!

NIN PARA DEFECAR, NIN PARA ORINAR, NIN PARA CAMBIAR O TAMPÓN

HJERBERT BÖNN

Tomado de Fernando Pessoa: O livro do desassossego

Finxir é amar. Non vexo nunca un fermoso sorriso ou unha mirada significativa sen que medite, de súpeto, e sexa de quen sexa a mirada ou o sorriso, cal é, no fondo, a alma dona do rostro que sorri ou mira, se a do estadista que nos quere comprar ou a da prostituta que quere que a compremos. Pero o estadista que nos compra amounos, polo menos para comprarnos; e a prostituta a quen compramos amou, polo menos, o feito de que a compráramos. Non fuximos, por máis que queiramos, da fraternidade universal. Todos nos amamos os uns aos outros, e a mentira é o bico que cambiamos.

Nun cuarto de baño moi pequeno, pechadas e apretadas, Duluth e Alba. Esta intenta meterlle man, aquela escapa como pode saltando a taza do water e tenta explicarlle que a súa misión é outra. De fondo, “tomorrow belongs to me”, versión confusa a cargo do coro de empregados do Edificio da Arte.

ALBA Tómasme o pelo! Prometichesme un polvo! Con uve, que te coñezo!

DULUTH Un po, logo, ou unha poeira? Corrección, amiguiña. Corrección e orde: primeiro ofrecinche un traballo. Tenta ser responsable. Un traballo de periodismo de investigación. Quero ver esa obra de arte. Saber se existe.

ALBA I eu tamén, pero podemos aproveitar o tempo. Tes que recoñecer que botar a tarde pechadas nun retrete é un aburrimiento.

DULUTH Pois aínda temos que esperar até que pechen e roubar unha foto. Vai ser portada, dígocho eu. Fraude público, desfalco, a saber cantos delitos está cometendo esa gicha. Falaches con el?

ALBA Co director? Si. Bueno, intentei crear un código de comunicación entre nós a base de signos diversos e...

DULUTH Que?

ALBA Falei eu. El dáballa á cabeza para arriba e para abaixo, *(imita o tremer dun parkinsoniano)* seguido, como se quixera dicir que si pero discretamente. Confirmoume que estivo nun campo de concentración, que son parella de feito el e a tipa do sombreiro, que foi máximo goleador nun Mundial e que lle fixo as beiras a miss universo 1948 con resultado positivo. Os asuntos de máis interese. Non me deu tempo a máis.

Duluth cala e mira a Alba en silencio un bo cacho. Rómperse o silencio –algo tenso, vaia- co ruído dunha cisterna que descarga.

SÁCAME INMEDIATAMENTE DESE SOÑO

Luces de seguridade no museo pechado. Entra a garda de seguridade ilegal abrochándose os pantalóns. Colle e dobra folletos e entradas que se lle amorean na mesa. Toma pastillas. Ou se cadra nin se lle ve, é alguén que fala no escuro. Mira ás cámaras de seguridade, á pantalla que emite as imaxes que ás cámaras recollen, ás portas.

O GARDA DE SEGURIDADE ILEGAL Se alguén entra soan as alarmas das portas. Se hai un lume, soa a de incendios (*mira á pantalla*). No fondo é práctico. Se tes algo así instalado na casa, ti podes estar aquí, por exemplo, ou no Xapón, e por Internet, cun portátil que mercas por trescentas mil, conéctaste e podes controlar a túa casa. Incluso podes poñer a lavadora, ou o forno. Ou ver como van morrendo as plantas. Ou como o po vai pousando nos mobles a cada hora que medra e morre, e nos cristais. E podes ver o can, que non pasou os controles sanitarios de inmigración, o can que quedou na casa e xa está podrecendo de fame nunha esquina da alfombra. E como todo parece máis escuro e máis triste sen estar eu alí. Se traballo un ano completo e aforro para iso, nada de copas, nada de drogas, nada de cine, nada de chocolate, nada de peixe fresco, nada de tabaco, si me aburro aínda máis do que me aburro, vaia, poderei instalalo. E mercarei tamén un aparato que dosifique a comida para que o bicho non se me morra outra vez. Claro que. Tamén. Podería volver á miña casa. *Limpa as bágoas*. Hai que traballar. Axuda a esquecer, o traballo é saúde. Algo bo había de ter. *Ensaia a mesma frase con diferentes tons, ou quenta a voz*. É de balde! É de balde! É de balde!

Pénsao e diríxese á cama. Dentro, feito un nobelo, dorme Nefertiti insomne completamente oculto baixo o edredón. Rodéaa, dubida, métese dentro, toma a última pastilla e

durme. Escóitase unha explosión, vese fume, ou non, simplemente Duluth apunta á paviña coa lanterna. Está con Alba buscando a obra nova, consultando o plano do edificio nun folleto explicativo axudada pola lanterna. As dúas van ataviadas cun antifaz negro. Descubre o carteliño da obra pero non á obra en si.

DULUTH Aquí está. Non hai nada! Zorra inmunda.

ALBA *Corrixíndoa* Raposa! Que angustias me fas pasar! Primeiro entras berrando coma unha porca. Logo agarras unha pea e incumpres unha promesa de amor e agora métesme neste lío. *Por Amodiozko Ziriflipa* Gústame este cadro. A ti que máis che ten se hai algo ou non hai nada?

DULUTH Vas colaborar ou non?

ALBA Isto é unha loucura.

Duluth desaparece buscando por unha porta lateral.

Hoxe soñei que estaba preñada. De nove meses e medio polo menos. Estaba sentada no sofá. Pero como estaba vaga empezou a nacer o bebocho, alí mesmo, notei como ía saíndo a cabeza, pero eu dicía: non teño ganas de que saia. E provoquille unha deformación. Na cabeza. Polo resto estaba normal. O rapaz choraba, e ría. Era feísimo. O médico chamou por teléfono e dixo: hai que esperar á evolución.

DULUTH Supoño que sería fillo meu?

ALBA Si. Eras o pai.

DULUTH Gústame.

ALBA E eu a nai. Pero ti te despreocupabas. Andabas por alí, víasme parir, pero pasabas de min.

DULUTH Iso gústame máis aínda.

ALBA Creo que pasabas por alí e non parabas de camiñar dicindo artigos para a miña revista na gravadora. Todo sobre cotilleos e así.

DULUTH Eu? Escribindo noticias rosa?

ALBA Claro. Supoño que sería no futuro. Se cho ofrecese non dirías que non, non? Creo que traballabas para o meu proxecto. “Hoxendía, unha visión da casquería aborixe”.

Unha revista do corazón só para Galicia. Como xeito de reafirmación e todo iso. Falando dos ligues de Fraga, de Gayoso, dos da telegaita, dos futbolistas...

DULUTH Forrariámonos.

ALBA Non creo. Seguíamos vivindo aquí!

DULUTH Isto a que viña?

ALBA Estaba contándoches un soño meu.

DULUTH Para que?

ALBA E por que non?

DULUTH Nesta situación?

ALBA Ti tesme metida nun soño teu, non?

DULUTH Isto non é cousa miña. Sácame inmediatamente dese soño. Intenta estar ao que hai que estar.

ALBA Estabas bebendo unha cervexa.

DULUTH Mmm.

ALBA Riquísima, a que si?. E tamén dicías temas do meu último exame en Xornalismo, nin sei como se chamaba a asignatura. Era no futuro, pero eu aínda non acabara a carreira. Logo soñei que ía enterrar á miña avoa. E tiñamos que lavala, maquillala, poñerlle o vestido, facer a caixa, buscar o sitio, cavar a fochanca. Horrible.

Duluth foi parando nas catro cámaras e fíxolle unha figa a unha, a outra botoulle a lingua, cuspiu á terceira e dubidou na cuarta. Alba decátase por fin de que non lle fai caso.

Nin puto caso. Estarán gravando? Que porcos. Quen lles deu permiso. E despois ía ao exame.

DULUTH E o noso fillo pasábache as chuletas.

Faille un corte de mangas á cuarta cámara.

ALBA Non, facíalle un numerito ao tribunal. Tiña un tribunal porque estaba en sétima convocatoria.

Imita un bebocho que fala.

Gugu tata, ble bleee!, e todo iso. Escarallábanse coa risa.

DULUTH Recén nacido? Aprobarías!

ALBA Aprobaríolas! Que va! Oe, Duluth, nos soños non

podo evitar pelexar por cobrar un soldo digno e traballar o menos posible, soño con traballar para o estado; o cal pon en cuestión moi seriamente as miñas ideas políticas e o meu carácter real, non cres?

DULUTH Pero tes?

ALBA Carácter ou ideas?

DULUTH Calquera das dúas cousas.

ALBA Non.

DULUTH *Dálle unha labazada, Alba chora.* Imbécil. É ridículo.

ALBA E o dos antefaces non é ridículo?

DULUTH Que querías, unha media, e que saísemos co rostro deformado en todas as gravacións? Ou un pasamontañas de connotacións revolucionarias? Só por iso poden caerche varios anos. Cumpridos integramente. Un antifaz! Perfecto. Ti cres que escoitan?

ALBA Isto non está ben.

DULUTH O que?

ALBA Estar aquí. Roubar.

DULUTH Roubar-unha-foto. Investigar. Ademais, a nada non se pode roubar, non se pode roubar, porque, en fin, non fai falta explicación, non? Ti tranquila. Colle por aí.

Dálle un dos palitroques que están diante da obra, dos que se usan para separar aos espectadores da obra de arte co fin de que non as deteriorenen coas súas mans impuras ou coas súas babas incontenibles.

Colle por aí. Colle por aí.

Alba obedece

E mira a cámara.

ALBA Para que?

DULUTH Faime caso. Mira a cámara. E di, vocalizando moi ben: eu tamén son responsable deste acto de protesta inútil.

ALBA Para que?

DULUTH Faime caso. Eu tamén son responsable deste acto de protesta inútil.

ALBA Eu tamén son responsábel deste acto de protesta inútil.
DULUTH *Duluth arranca e garda o carteliño: “A ESENCIA DA AUSENCIA. Hjerbert Bonn, Praga 1915, Fefiñáns 2099. Nada sobre nada”*. Vale. Imos.

ALBA Fixéchelo para implicarme!

Duluth achégase á última peciña de Nefertiti insomne, anícase, cóllea, míraa, amósalla á cámara, saca o chisqueiro, préndea e bota unha longa fumarada. Saltan as alarmas de incendio: “O Real Decreto 192/88 establece a prohibición de fumar en...”. Quen non recorda como remata? Entran a artista da xiringa despamelada e despelurciada arrastrando ao homiño da cadeira de rodas e tras deles a funcionaria titulada.

A ARTISTA DA XIRINGA *A Duluth* Mira quen me vai facer un traballiño que me encanta a moi bo prezo. Vas triunfar, querida!

DULUTH Estafadores! Non hai nada!

A ARTISTA DA XERINGA Caramba, caramba! Ser quen de ver a nada. E a esa distancia! Este artista para moito menos necesita dúas asesoras, unha para pensar e outra para facer. É vostede moi intelixente, pero non abondo. Nada. É exactamente o que se anuncia nese carteliño que roubou e que agora leva na man. Quere que llo lea?

Achégase a Duluth

A FUNCIONARIA TITULADA Non é preciso. “*A ESENCIA DA AUSENCIA. Hjerbert Bonn, Praga 1915, Fefiñáns 2099. Nada sobre nada*” Escribino eu mesma.

A ARTISTA DA XERINGA Nós mesmas. Consensuadamente.

A FUNCIONARIA TITULADA Nós mesmas, claro. Consensuadamente, pero coa aprobación deste home.

DULUTH É que?

A ARTISTA DA XERINGA E... nada!. Asistiu vostede en exclusiva á exposición dun novo concepto artístico e que pretende? Denunciarnos? Fágao. Podo asegurarlle que é das mellores cousas que nos poden suceder se queremos que a exposición teña éxito. Montar un bo escándalo.

Saca unha chequera, ou unha man de billetes morados deses que non se ven máis que nos carteis dos bancos e nas salas negras das notaría.

Denúncienos, pagarémoslle segundo as tarifas vixentes de publicidade nos periódicos. Aínda que eu teño máis posibilidades de facelo, de denunciar, quero dicir. Entraron aquí pola forza, roubaron, fixeron fotografías nun museo sen permiso, tocaron obras de arte...

ALBA Non tocamos nada!

A ARTISTA DA XERINGA Precisamente, máis ao meu favor!

Tocaron unha obra de arte que ía inaugurar o mismísimo señor presidente, e tocárona antes que el. Uiuuiuiuiiii!

DULUTH Unha obra de arte non pode ser nada.

A FUNCIONARIA TITULADA Materialista!

A ARTISTA DA XERINGA Unha obra de arte pode ser exactamente o que un quere que sexa. Algunhas obras de arte teñen as súas peculiaridades. Coñece “A fonte” de Marcel Duchamp? Deixe falar! *Polo público*. Sei que a coñece pero probablemente moitos deses non.

DULUTH Non se perden moito.

A ARTISTA DA XERINGA “A fonte”. Un urinario elevado a obra de arte. Coñece a “Merda de artista” de Piero Manzoni? Vaia luxo! Sae cada gramo por mil euros, non os gana esta nun mes.

A FUNCIONARIA TITULADA Non, pero tanto ten, porque teño fe. Para ver a arte, para sentila, para percibir a “claritas”, hai que ter fe. Quen non ten fe, non, non, non!, non pode vir a un museo. Os que realmente traballamos coa arte hoxendía, e temos fe, sabemos ver a arte sen confundir cousas superfluas coa arte. Hoxendía a arte é o noso deus. Para os que realmente sabemos velo. É tal a forza da arte que hai xente, coma min, que non concibe o mundo sen arte.

Entra aos poucos nunha especie de éxtase convulsivo e bó-tase a bailar até rematar cara ao público de xeonllos, co lombo pegado ao chan e unha man tapando o que non quere que se lle vexa.

DULUTH Tamén hai xente que non concibe o mundo sen Ikea.

ALBA Claro!

A FUNCIONARIA TITULADA *Segue extasiada* En resumen, eu o que quería decir é que o do salario mensual...

A ARTISTA DA XIRINGA O que quere decir a miña asesora é que o diñeiro é secundario, que o museo é hoxendía coma as igrexas no seu tempo. Sabes? Como os templos en cada civilización. Hai que ir alí, e tragar o que boten. Parafraseando a un gran gobernante sudamericano da década dos setenta, con nome de personaxe de madeira dun conto pero acabado en “et”: aquí non se vén pensar, véñse sentir, e ó que lle sobren forzas, que faga deporte. Ten vostede un mínimo de puntería no acto da defecación? Propóñolle outro negocio, acumulable ao da performance do “pero”.

DULUTH O importante aquí é se se pode dicir á xente que nada é unha obra de arte.

A ARTISTA DA XERINGA O importante aquí é saber quen manda... Iso é todo. *A Alba e á funcionaria*: Deixádenos falar un momentíño a soas.

Alba e a funcionaria titulada afástanse. Cando se topan a certa distancia A funcionaria fala.

A FUNCIONARIA TITULADA *A Alba e ao mundo, mentres executa (nunca mellor dito) unha performática danza histérica con esperreche final e tapado de bragas coa saia que a devolve á realidade*: A miña materialidade vólvese enerxía latente antes dunha performance. Podo percibir por cada poro, por cada fenda do meu corpo un impulso minúsculo, que me separa do chan. E logo durante a performance sinto medrar unha burbulla translúcida que me eleva, máis e máis, até que todo se volve vermello.

A funcionaria vai reaxindo pouco a pouco e tenta escoitar o que falan a artista de xeringa e Duluth. A artista da xeringa saca billetes, sinala ás cámaras, ofrécellos a Duluth que

aos poucos vaise amoucando e acaba por chorar desconsolada co faixo de billetes na man.

ALBA A min gustaríame saber o que é certo e o que non para crelo tamén. No da arte por exemplo. Porque non vou ser a única que non se entera de nada. E se supón que se sabes eso... Se hai xente que dubida e hai xente que cre, cal das dúas posturas é a mellor? Ningunha das dúas? Eu aposto a que prefiro estar cos que cren en algo pero necesito saber se eu creo tamén ou non, e se existe iso no que cren ou non. Enténdeme ou non? Porque, se non existe... Pero é un agobio vivir na dúbida. Mete medo. Eu pido sempre o mesmo cando remato as miñas oracións. Querido Deus: se existes, fai algo, e se non, deixa de dar a lata.

A FUNCIONARIA TITULADA O importante. O realmente importante hoxendía, o camiño a seguir pola arte é que dalgún xeito ten que rexistrar no seu seo a posibilidade da súa inexistencia, niso ten vostede razón. Pero... *Ri estupidamente e corre a a asesorar á súa superiora do convento contemporáneo. Duluth chegou ao seu carón chorando, Alba tenta consolala.*

DULUTH *Chora e os billetes saenlle por fóra dos petos.* Trincáronos ben trincadas. Hai unha idea, está claro, un concepto. Iso jódeme. Unha idea non pode roubarse, nin negarse, nin denunciarse que non existe, non sei si me explico. É como un círculo vicioso, coma unha pescadiña...

ALBA Unha carioca.

DULUTH Sacto! E teñen todo gravado polas cámaras. Se me denuncia poden caerme case tantos anos coma por pensar cousas raras e levar pasamontañas. Teño que substituírme, Alba! Teño que actuar para ela!

Silandeira, saca un mangado de billetes de cada peto e bótaos a voar.

Pagan de puta madre!

A FUNCIONARIA TITULADA Aceptou?

A ARTISTA DA XERINGA Aceptou! Vivan os artistas bohemios! Pola liberdade, a verdade, a beleza e o amor!
TODOS Vivan!

Duluth tira máis diñeiro polo aire e, no medio dunha chuvia de billetes morados, comeza a executar a súa performance debidamente adaptada ás necesidades rítmicas impostas pola artista da xiringa ao tempo que o resto da plantilla executa unha cerimonia festiva digna de Hollywood.

CINCO FINAIS (ou así)

Mentres se escoita a Hjerbert Bönn e seguen caendo billetes, Duluth vaise espindo. A bronca inicial da entrada do museo converteuse nun número de danza con “pero” final. A artista da xiringa e maila funcionaria achéganse á garda de seguridade ilegal que dorme con Nefertiti, despértana a cachetadas, a garda érguese e corre ao seu posto de traballo a contemplar a escena incomprensible da muller que danza e todos contemplan. Alba métese na cama e descobre a Nefertiti, que vai despertando e mira perplexo todo o que sucede ao seu redor.

HJERBERT BÖNN

Tomado de Fernando Pessoa: O libro do desasossego

Damos comunmente a nosas ideas do descoñecido a cor das nosas nocións do coñecido. Se chamamos á morte un soño é porque parece un soño por fóra; se chamamos á morte unha nova vida, é porque parece unha cousa diferente á vida. Con pequenos malentendidos coa realidade construímos as crenzas e as esperanzas, e vivimos das códeas ás que chamamos pans, como os nenos pobres que xogan a ser felices.

Pero así é toda a vida; polo menos, ese é o sistema de vida particular ao que, en xeral, se chama civilización. A civilización consiste en darlle a algo un nome que non lle compete, e despois soñar sobre o resultado. E realmente o nome falso e o soño verdadeiro crean unha nova realidade.

DULUTH *Rematando a súa obra de arte: Pero...*

O xudeu rosma aínda que ese “pero” final ten como música, e a artista da xiringa inxéctalle de volta o maravilloso líquido morado. Alba escoita a gravación de Duluth: “É de balde, é de balde. Afogados. Afogados e azuis, e inchados. Lapislázzuli. Salvífica. Salvífica?”. Colle o mando da televi-

sión e préndea. Duluth con outro mando prende a música e comeza a soar “Duerme negrito”.

ALBA Non sei por que escoitas esa música tan agobiante.

DULUTH Porque é aínda moito máis alegre que a que teño dentro. *Pon cara de trascendente irónica, volve escoitar a gravación e decide apuntar na libretina.*

ALBA Hai algún secreto para ser interesante?

DULUTH Si, o silencio.

Alba mira arredor seu con incredulidade, Duluth segue apuntando. Mira para Nefertiti e agarímao cando non cre que Alba poda descubrila.

ALBA Isto é a nosa cama, non?

DULUTH Que obsesión coa propiedade privada! Si!

ALBA Pois como me explicas que estea nun museo? E que fan estes aquí?

DULUTH Porque estás soñando. Supoño.

ALBA E ti?

DULUTH Tamén. Ou estou no teu soño. Ou viceversa. Que máis dá!

ALBA Así que se me peta podos deixar de soñarte. Sabes que che pasaría?

DULUTH Que seguiría aquí, supoño. Tan tranquila

A ARTISTA DA XIRINGA Iso é o que ti quixeras. Non estarías en ningures. Ti, e esa, e eu, non somos máis que cousas coas que este (*polo xudeu*) está soñando.

A GARDA DE SEGURIDADE ILEGAL *Mira incrédulo e beodo aos monitores.* Pero logo. Non é certo? Non?

A ARTISTA DA XIRINGA Se el espertase, ti apagaríaste, zas, coma unha veliña. Non me sae, esta frase non a dou dito ben.

ALBA Pois anda que esta miña: Estamos vivindo unhas horas dunha vidas que non nos corresponden.

HJERBERT BÖNN

Tomado de O libro do desassossego de Fernando Pessoa

Creei en min varias personalidades. Creo personalidades

constantemente. Cada soño meu é inmediatamente, no momento de aparecer soñado, encarnado noutra persoa que pasa a soñalo, e non eu. Para crear, destruíñme; tanto me exterioricei dentro de min, que dentro de min non existo senón exteriormente. Son a escena viva pola que pasa varios actores representando varias pezas.

Ao tempo que se escoita falar a Hjerbert Bönn, Duluth érguese e varre cunha vasoira extraordinariamente pequena, leva até fóra de luz a paviña (ou cabicha, vale), a peza última de Nefertiti insomne. Alba, en primeiro plano, sentada na cama, mira ó público directamente. Tom Waits canta Alice, e cando remata e di iso de “everything you can think of is true”, escoitase unha máquina de escribir, Duluth volve á cama do lado de Alba, bícanse e vaise a escuro co xudeu quitándose as gafas, ou unha pistola do peto, se cadra unha lanterna, ou calquera cousa que dea luz ou chame a atención sobre el, poida que abonde un sutil movemento, como que cun chisqueiro prenda o pitillo que Nefertiti leva á boca sen tocarse sequera lume e tabaco, ou que siga sen facer nada pero teña foco. A artista da xeringa prepara unha nova dose para o xudeu, no fondo un monstro de tres cabezas e alcachofas contempla a escena ocultando o Remuíño de Amor con expresión atormentada, ou de odio, de carraxe, de raiba, cántos sinónimos máis haberá en correcto galego. Non se fai o escuro. Os actores seguen falando inmóbiles coma nun cadro. A música segue soando.

ALBA Que facemos? Non aplauden. Non saben que é o final. Eu xa dixen que non é rotundo.

NEFERTITI INSOMNE É que hai cinco finais, ou así. Aquí todo o mundo é artista, todo o mundo ten ideas, e claro! As creacións colectivas... é o que teñen. A Duluth Deixa de meterme man!

A ARTISTA DA XIRINGA Non sei de que vos queixades! Unha lanterna na escuridade, unha cadeira de rodas, auga no escenario, xente rapada, recortes que non iluminan pero crean ambiente, sabes?, pouco que contar e nada impor-

tante, cámara branca, pero se isto é hipermodernísimo!
E hoxe estivestes todos sublimes, marabilloso. Cheo de sentimentalidade.

O GARDA DE SEGURIDADE ILEGAL *Ebrio, absolutamente.* Eu tampouco entendemos nada.

A FUNCIONARIA TITULADA Eu o problema que lle vexo a isto é que carece de relación co contexto.

NEFERTITI INSOMNE Queres dicir que é absurdo, non? Nonsense, absurd, en inglés, ab-surd.

DULUTH Nonsenseces! *Apunta a palabra.*

O GARDA DE SEGURIDADE ILEGAL Nin sequera. Se polo menos fose absurdo. Ou absurd, ou como se diga.

A ARTISTA DA XIRINGA Unha canción. Eu propoño que rematemos cunha canción que levante os ánimos despois de tanto nihilismo e tanta merda. Os nihilistas non son nada. ¡Absurd!

DULUTH Ja. Ja. Ja. *A Alba* Seguen aí. O público segue aí. Veña, fálalles.

ALBA Eu?

DULUTH Si. Caes mellor. O teu personaxe cae mellor.

ALBA *Como que si pero...* Non...

DULUTH E ademais es a prota

ALBA Ai, si! Pero mañá tócalle a outro. Ou a outra, digo eu. Pode tocarlle tamén a outra, non?

DULUTH Si... Fala!

ALBA *Ao público. Todos os demais permanecen absolutamente estáticos.* Ola, son Alba. Quero agradecerlles que viñeran á miña obra de teatro. Ben, á nosa. Quen nos dera, é dicir, ogallá que fose mellor, pero é unha parvada. Horríbel, non se entende nada, verdade?. Os feitos están terxiversados, moitas veces de xeito intencionado, con fins cómicos ou dramáticos, ou simplemente para confundir ao público, como na tele. O autor e o director decidiron eliminar todo asomo de intelixencia. Agora o espectáculo é moito máis curto, claro.

Mira o reló.

Cincuenta minutos, escasos, ou unha hora e media, non sei ben, por aí. Moito máis curto. Antes duraba días. Tan curta que de feito, este é o final da obra.

Ponse en pé e fai unha reverencia

Moitas grazas. Non é broma. Poden irse.

HJERBERT BÖNN

*Tomado de Gocho Yamamoto: **Hagakure: O libro secreto dos samurais:***

Neste mundo fugaz como un soño, vivir no sufrimento e non facer máis que cousas desagradables é unha pura loucura. Este principio, mal interpretado, pode resultar perxudicial, polo que decidín non aprendérllelo aos meus xoves discípulos.

Adoro o sono. Como resposta á situación actual do mundo, penso que o mellor que podoo facer é entrar na miña casa e botarme a durmir.

Todos miran o público para ver se marcha, cando o xudeu remata o parlamento é a única figura recoñecible e iluminada na escena, a artista da xiringa adianta a cadeira de rodas e chupa o foco que el tiña.

A ARTISTA DA XIRINGA ¿A que es muy intelectual, muy contemporáneo? ¡Bravo!

Aplaude e con ela todos se adiantan e saúdan con moito estilo, se cadra até pegan chimpos sobre as puntas dos pés e atravesan o escenario con trote cochineiro, entrecruzándose e abrindo os brazos para recibir no peito a ovación do público, Hjerbert Bönn despídese ridiculamente coa man e un sorriso, que sublime descomposición de personaxe, cando rematan as palabras faise o derradeiro escuro, sen tempo non era.

O primeiro número da serie de teatro de
Estaleiro editora, que contén as
pezas *Fume*, de Rubén Ruibal e Carlos Losada,
e *Insomnio*, de Rubén Ruibal, composto en
Minion Pro 9/11, saiu do prelo
en maio de 2008





Carlos Losada Galiñáns naceu en Cambados en 1966. Iniciou a súa andaina no mundo do teatro na Aula de Teatro da USC. Interveu na creación de grupos como Feirantes Balboas, Apeiron ou Teatro Cachuzo. A súa actividade nunca se limitou á escrita teatral, e para alén desta exerceu como director, deseñador de vestuario ou escenógrafo. Foi axudante de dirección das obras *Criaturas* (Teatro do Aquí, 2000), *Rosalía* (CDG, 2001) e *Animaliños* (Teatro do Aquí, 2002). En 2007 obtivo o II Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil coa obra *Game over*.

Rubén Ruibal Armesto naceu en Ribadeo en 1970. É licenciado en Filoloxía Xermánica, na especialidade de inglés, pola Universidade de Santiago. Entre 1992 e 1994 foi actor da Aula de Teatro da USC. Con posterioridade, a súa carreira está vinculada á compañía Teatro do Aquí, tanto como integrante do elenco de actores como en labores de axudante de dirección, desde 1994 até 2002. Tamén foi axudante de dirección na montaxe *Xelmírez ou a gloria de Compostela* (2000), do Centro Dramático Galego e traballou como actor nesta compañía en *Rosalía* (2001). En 2007 publicou a obra *Limpeza de sangue*, que fora galardoada co Premio Álvaro Cunqueiro e pola que recibiu o Premio Nacional de Literatura.

Fume foi estreada na Casa da Cultura de Vimianzo o 7 de outubro de 2000 pola compañía Teatro Cachuzo, baixo dirección dos autores.

Insomnio estreouse o 23 de marzo de 2003 na Sala Nasa de Santiago de Compostela con dirección de Carlos Losada